



Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión

María López-Sánchez, Xaquín Loredo Gutiérrez
Gabino S. Vázquez-Grandío



REAL ACADEMIA GALEGA

Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega

María López-Sández

Xaquín Loredo Gutiérrez

Gabino S. Vázquez-Grandío

Edita:
Real Academia Galega

ISBN:
978-84-17807-24-5

Depósito Legal:
C 2127-2022

DOI:
<https://doi.org/10.32766/rag.414>

© Real Academia Galega, 2022

Maquetación:
Lugami Artes Gráficas



**REAL
ACADEMIA
GALEGA**



Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

Lingua e xénero en Galicia: estado da cuestión



REAL ACADEMIA GALEGA

Agradecementos

A realización desta investigación non sería posible sen a colaboración da Deputación de Pontevedra.

O noso agradecemento vai, tamén, para o investigador Bieito Silva Valdivia e o técnico Óscar Maceiras Rodríguez encargado de revisar e adaptar as fontes secundarias utilizadas neste traballo.

1. Bases e antecedentes

A lingua e o xénero, tal como se expresan en Galicia, responden, de forma paradigmática, á noción de *interseccionalidade*. É pertinente detérmonos na historia deste concepto, que xurdiu entre as mulleres negras norteamericanas lesbianas e socialistas, nas que confluían múltiples exclusións, ao tomaren conciencia de que estas non actúan por separado, senón que se condicionan e entrelazan dun xeito complexo e sistémico. Na obra de Kimberlé Crenshaw (1991) acádase a súa formalización definitiva, polo que esta resulta de indubidable utilidade para comprendermos a interacción entre as discriminacións múltiples e os complexos mecanismos identitarios e, malia que raza, clase e xénero xogaron un papel central nos estudos sobre este concepto, tamén a lingua, especialmente nos contextos multilingües nos que operan distintos sistemas de xerarquización e valoración, aparece como un marcador que intersecciona cos outros elementos en xogo. Así o expresaron Collins e Bilge (2016):

Intersectionality is a way of understanding and analyzing the complexity in the world, in people, and in human experience. The events and conditions of social and political life and the self can seldom be understood as shaped by one factor. They are generally shaped by many factors in diverse and mutually influencing ways (p. 2)¹.

A complexidade dos usos lingüísticos, particularmente nos contextos multilingües, provoca numerosas e interesantes relacións entre as condutas lingüísticas e parámetros tales como a idade, a clase social, o lugar de nacemento e residencia ou, claro está, o xénero, que marca todos os aspectos da vida e permea o funcionamento social dun xeito que só nos últimos anos estamos comezando a comprender. Este tipo de funcionamentos, atribucións e valores que conforman o imaxinario social permanecen a miúdo implícitos e, xustamente porque os interiorizamos e naturalizamos, non é inmediato nin doado tomar conciencia de todas as súas implicacións e matices.

1 A interseccionalidade é unha forma de entender e analizar a complexidade no mundo, nas persoas e na experiencia humana. Os acontecementos e as condicións da vida social e política e do eu raramente poden entenderse como moldeados por un factor. Polo xeral están moldeados por numerosos factores de formas diversas e que se inflúen de forma mutua (tradución propia do inglés).

Os procesos de socialización están intimamente ligados aos comportamentos lingüísticos e, asemade, como teñen demostrado diversos estudos, o xeito en que se nos fala dende o nacemento está condicionado polo xénero atribuído polo interlocutor. De Fina, Schiffrin e Bamberg (2006) incidiron en que as prácticas idiomáticas xogan un papel esencial na construción de identidades, non só na súa representación ou expresión, senón tamén na súa creación a través da acción. Por outra banda, tanto o xénero coma a lingua implican sistemas de xerarquización e subalternidade que se reforzan mutuamente ou se empregan como ferramenta compensatoria para contradicir outra subalternidade, ilustrando dous mecanismos dicotómicos e antitéticos ben coñecidos no ámbito da interseccionalidade. Arredor da lingua e do xénero desprégase toda unha serie de atribucións e valores que, non por seren arbitrarios e estaren ancorados estritamente en construcións culturais, deixan de ter unha gran forza e perdurabilidade no tempo e que, cando menos en parte, xeran conxuntos ou subgrupos de atribucións compartidos.

Nas dualidades galego-castelán e home-muller en que se simplifican as categorías de lingua e xénero en Galicia, correspóndelle ao galego e á muller a posición subalterna, sendo o home e o castelán as realidades marcadas como dominantes. O xénero é un factor modulador dos comportamentos lingüísticos; mais os factores que determinan os comportamentos en canto á lingua en función do xénero non son simples nin unívocos, senón profundamente complexos e diversos. Tradicionalmente, atribuíuselle ás femias a función da custodia das esenciais identitarias, asimilouse a muller á terra, potenciouse a metáfora antropomórfica do mito da terra-nai, o cal empurraría a unha identificación de muller e lingua galega. Mais, nun sentido antagónico, certos trazos da construción do feminino propiciaron unha meirande asimilación ao castelán, como lingua asociada ás clases altas e, consecuentemente, a un suposto maior refinamento, e como forma propia dos contextos urbanos e do desempeño laboral no sector servizos.

Non podemos seguir avanzando sen manifestarmos claramente que este estudo nace dunha restrición de partida pola nosa imposibilidade de traballarmos cunha noción de xénero que vaia alén das categorías binarias. Posto que partimos dunha revisión de estudos sociolingüísticos cuantitativos e cualitativos realizados previamente no ámbito galego (e, daquela, non deseñados especificamente para este traballo), non nos resulta posible transcender esta dicotomía reduccionista que é a que tradicionalmente se veu aplicando nos estudos e cuestionarios sociolingüísticos. Así, malia que, como sinala Eckert (2021), tanto os estudos da variación lingüística coma os do propio xénero se atopan nunha terceira vaga que desvía o foco do binarismo, neste

traballo non nos resultará posible vermos en que medida as identidades de xénero non tradicionais interseccionan coas opcións lingüísticas. Mais coidamos, con todo, que na medida en que se esperte o interese pola análise arredor da lingua e o xénero en Galicia será posible deseñarmos e implementarmos novos estudos que nos permitan ter un mellor coñecemento de como están a interseccionar a lingua e o xénero coa riqueza de matices e a superación do binarismo que, sen dúbida, se require nestes casos. Por outra banda, tamén con respecto ao propio idioma esa ruptura permitiría introducirmos con maior peso na análise cuestións referidas á variación interna (variedades dialectais e fenómenos de rexistro e nivel de lingua).

1.1. Sociolingüística e teoría de xénero

A partir da década dos anos 70 do século XX, os estudos da interseccionalidade do xénero cos comportamentos lingüísticos tiveron un intenso desenvolvemento, favorecidos por un paradigma xeral definido polo postestruturalismo e o xiro pragmático. O foco de interese desviouse do código en si cara ao funcionamento da lingua en uso e a súa relación cos usuarios, prestando unha meirande atención a como os actos de enunciación se ven condicionados por todos os elementos implicados no proceso comunicativo, incluído o contexto social; mais o feito de que o epicentro destes novos estudos se atopase no mundo anglosaxón e en contextos predominantemente monolingües derivou en que a atención ás manifestacións específicas dos contextos multilingües tivese un carácter residual ou claramente minoritario.

O ensaio de Robin Lakoff (1973) *Language and Woman's Place* e o volume colectivo editado por Kira Hall e Mary Bucholtz (1995) *Gender Articulated: Language and the Socially Constructed Self* tiveron un carácter fundacional na confluencia da sociolingüística e a teoría feminista e abriron o camiño a toda unha liña de estudo centrada nos comportamentos diferenciados de homes e mulleres. A existencia dun “rexistro” específico ou diferencial das mulleres vai da man do seu papel subalterno na sociedade. Xa en 1922 Otto Jespersen dedicou un capítulo do seu libro *Language: its Nature, Development and Origin* á lingua das mulleres e asentou a noción dun “xenerolecto”, ou uso específico por parte das mesmas, que poderíamos tamén denominar, seguindo a designación empregada por Teresa Moure (2010, p. 149), como “sociolecto das mulleres”.

Nesa mesma liña, e logo do pulo recibido polos traballos de Lakoff, produciuse unha auténtica eclosión de estudos empíricos que trataban de identificar

as características diferenciais nos usos lingüísticos en función do sexo. Partindo da propia experiencia e observación e sen implicarse nunha recollida de datos, Teresa Moure aplicou, para o ámbito galego, as tendencias e marcas características deste sociolecto das mulleres, constatando, ao mesmo tempo, o escaso tratamento da cuestión en Galicia: “Con contadas excepcións, na sociolingüística galega o tema da variación por xénero aparece escasamente tratado” (Moure 2010, p. 152). Malia transcorrer xa un século dende a súa formulación inicial, o concepto xa clásico de xenerolecto perdura na actualidade, aínda que cuestionado e redefinido en moitos casos. Motschenbacher (2007) reivindicou coma un termo sociolingüístico válido que, dende unha perspectiva posmoderna, debe abandonar o binarismo e facer énfase na súa dependencia do contexto e o seu carácter infinito e ilimitado.

En moitos deses estudos centrados na diferencialidade do uso lingüístico entre homes e mulleres (Spender 1980, West e Zimmerman 1987), tómase, como punto de referencia, o xeito de comunicación dos homes, fronte ao cal, por oposición, se caracterizan as particularidades do uso das mulleres, seguindo unha pauta recoñecible e claramente cuestionable dende a perspectiva de xénero de establecer o masculino como termo non marcado ou neutro e entender o feminino como unha forma desviada ou diferencial do mesmo, nunha norma que se estende a outros ámbitos da subalternidade.

Deborah Tannen (1996) puxo de manifesto algúns problemas derivados deste modo de achegamento. Segundo esta autora, o uso lingüístico dos homes está orientado á transmisión de información, fronte ao das mulleres, enfocado á dimensión social da lingua, ao establecemento, mantemento e enriquecemento das relacións interpersoais. Coa chegada do século XXI impuxéronse novos modelos que defenden a idea de que os estilos comunicativos de homes e mulleres se ligan a unha execución ou posta en práctica do xénero como construción social (West e Zimmerman 1987), plasmando, nas actuacións lingüísticas, as relacións de poder e a subalternidade de xénero.

Entre as prácticas lingüísticas nas que se documentou unha diferencialidade de xénero atópanse as que teñen que ver coa dimensión colaborativa da linguaxe. Así, o principio de cooperación que rexe os intercambios comunicativos e que foi formulado por Grice sería máis intenso na actuación das mulleres, o que se plasmaría nun maior uso de expresións ou trazos lingüísticos vencellados á función fática e apelativa da linguaxe (ao mantemento da canle e o contacto entre interlocutores) e tamén na maior solicitude de confirmación ou corroboración por parte do interlocutor ou na menor tendencia ao cambio de tema na conversación e nunha maior implicación

persoal e ofrecemento de información propia e unha modalización do discurso tendente a facelo menos categórico, dogmático ou asertivo.

Entre estes usos diferenciais merece especial atención a análise levada a cabo sobre as quendas de palabra, con tendencias perceptibles a que se produzan interrupcións con maior frecuencia cando quen fala é unha muller ou a que a duración das intervencións en grupos mixtos sexa menor por parte das mesmas. Tamén se someteron a análise os temas dominantes en grupos homoxéneos en canto ao xénero ou mesmo o diverso estilo da agresividade verbal masculina e feminina, así como os estilos de escoita e atención nos intercambios conversacionais ou mesmo o xeito de entender a cortesía verbal.

Aínda que esta liña de estudos corre o perigo de caer en sobrexeneralizacións, a meirande parte deles adoptan un enfoque cuantitativo obxectivo, incrementado, nos últimos tempos, pola posibilidade de someter a análise de xeito automatizado as intervencións lingüísticas nas redes sociais. Sirva de exemplo o traballo de Newman et. al. (2008) no que se analizaron 14 000 mostras de texto para establecer as diferenzas de xénero no uso lingüístico.

Nesta mesma liña de entender o xénero como unha construción social e subliñando a idea de que este se “pon en execución”, a análise do uso verbal das mulleres en política amosou unha tendencia a que estas adopten pautas de comportamento verbal identificadas como propias do uso masculino, ao tempo que a linguaxe non verbal se mantería dentro dos parámetros asociados á conduta lingüística das mulleres, compensando, mediante a expresividade social, o sorriso e os elementos prosódicos, os outros trazos adoptados.

Pola outra banda, a conciencia do carácter construído do xénero e da importancia da socialización nos primeiros anos de vida deu lugar a estudos semióticos centrados en produtos culturais de masas destinados á infancia, como no traballo de Aubrey e Harrison (2004) sobre os usos lingüísticos en programas infantís populares, constatando o desvío, segundo o xénero, de factores como a asertividade ou a agresividade verbal. No noso ámbito achégase a este enfoque o traballo de Roi Vidal, no que analiza o uso das linguas na publicidade da Televisión de Galicia atendendo tamén, de xeito específico, ao que ocorre na publicidade destinada a nenas e nenos para concluír o seguinte: “É posible falar na publicidade dunha dobre discriminación” (Vidal 2010, p. 145).

Para comprendermos os mecanismos compensatorios entre as diversas subalternidades, resultan de interese os traballos de Pierre Bourdieu e, máis en concreto,

o seu concepto de “mercado lingüístico” (1985). Este autor parte da base de que usos idiomáticos teñen asociado un valor social diferente, asimilable a outras marcas, como pode ser a vestimenta, e, malia que a súa reflexión está centrada no eido de estudo do corpo diplomático, a noción é extrapolable ao conxunto da sociedade e propiciaría que as mulleres procurasen, a través da lingua, un reforzo social compensador da súa posición subalterna, manifestando, en consecuencia, unha maior proclividade cara a formas conservadoras, correctas, pertencentes ao estándar ou, no caso de contextos multilingües, á lingua dominante. Así o estableceu Labov (1966) nun contexto ben diferente do noso, constatando unha meirande tendencia das mulleres a adoptaren as formas normativas, consideradas correctas, que posteriormente foi ratificada noutros contextos e con outros idiomas.

En Galicia, un traballo de referencia neste eido é o volume, coordinado por Xesús M. Mosquera Carregal, *Lingua e xénero*, publicado en 2010 como plasmación e resultado das *VI Xornadas sobre lingua e usos* da Universidade da Coruña². Na presentación do mesmo invocaba Goretti Sanmartín os coñecidos versos de Pondal nos que comina as *miniñas de Cruña* a falaren galego, así como o premiado traballo de García Barros nun certame literario de 1929 onde xa se interrogaba polos resortes que poderían empregarse para que as mulleres de clase media e alta se expresasen no noso idioma. O primeiro dos traballos do volume, a cargo de M^a Isabel Suárez Fernández, é unha das publicacións de referencia que citaremos reiteradamente neste traballo por achegarse, como aquí pretendemos facer dun xeito máis amplo, á presentación de datos sociolingüísticos cuantitativos dende a perspectiva de xénero. Pola súa banda, a contribución de Avia González Veira e Nuria Seoane Bouzas (2010, pp. 63-77) adopta unha perspectiva cualitativa, centrada nas percepcións sobre as linguas por parte das mulleres galegas, moi interesante para nós, porque achega unha visión complementaria, de índole cualitativa, que tamén se incorpora neste traballo.

No caso do galego, foron figuras significativamente implicadas simultaneamente na reivindicación lingüística e feminista, como María Xosé Queizán (1977) ou Pilar García Negro (2010), as que puxeron o foco sobre a “dobre represión” ou a existencia de “dúas subordinacións en paralelo”, por empregarmos os termos cos que respectivamente designaron esta interseccionalidade. Cómpre engadirmos á nómima

2 Só contabamos ata o de agora cun estudo monográfico sobre lingua e xénero e, pola súa excepcionalidade, será unha referencia fundamental para este traballo.

a María Pilar Freitas, quen se refire á represión vivida pola muller e a lingua galega como “dúas represións similares”.

Por outra banda, malia que os estudos de competencia lingüística en Galicia deitan maiores competencias formais entre as mulleres, cando se pregunta polas competencias autopercibidas estas xulgan as súas destrezas con máis modestia, dando como resultado valoracións inferiores ás dos homes. Esta diferenza obedece, sen dúbida, a un autoxuízo máis crítico pola súa parte, coherente coa súa posición subalterna na sociedade. Mais, en calquera caso, ese desfase entre as competencias reais e as autopercibidas pode, como hipótese, levar a unha menor predisposición a empregaren o galego en certos contextos. Ademais, cabe agardarmos unha meirande predisposición por parte da muller á converxencia (a cambiar de lingua para achegarse á do interlocutor), que foi xa sinalada por Trudgill (1972).

Suzanne Wertheim (2012) describiu, para a lingua tártara, unha diferenza marcada entre homes e mulleres respecto da acomodación lingüística (posto que a estratexia dos homes é a diverxencia). Entre os homes nacionalistas tártaros documéntase un marcado rexeitamento cara á confluencia, mesmo cando o interlocutor manifesta incompreensión e cando o intercambio lingüístico se produce no espazo público. Verifícase, así, unha estratexia intensa de reivindicación dunha lingua minorizada e estigmatizada. Pola contra, nas mulleres, mesmo con posicionamentos ideolóxicos afíns, as estratexias son moito máis diplomáticas e a súa acción céntrase nos marcos dos departamentos de filoloxía e nas clases de lingua tártara. O activismo pola conservación e revitalización deste idioma pode tomarse como un exemplo de claro patrón de xénero, segundo o cal a consideración da converxencia lingüística como unha cuestión “de educación” exerce maior presión sobre os sectores subalternos, factor ao que se engade, sen dúbida, todo un conxunto de complexas consideracións. Do mesmo xeito, cómpre analizarmos a distinta predisposición de homes e mulleres cara ao neofalantismo ou o cambio lingüístico.

O interese crecente da interseccionalidade entre lingua e xénero maniféstase na creación, no ano 2007, dunha publicación especializada e periódica titulada *Gender and Language*. No marco da mesma, en 2012 presentouse un monográfico centrado especificamente na intersección entre xénero e linguas en perigo, baixo o título *Gender and endangered languages: Intersections*, no que actuou como editora Jocelyn Ahlers. Mais a propia Ahlers ten manifestado a paradoxal escaseza de estudos que vinculasen o xénero coas sociedades que están a vivir procesos de revitalización lingüística:

While studies of the interplay of language use and gendered identity have pointed to the complex interactions between the two, and while researches have similarly considered the ways in which endangered languages of heritage serve as resources in the construction of identity in communities focused on language revitalization, the intersection of these two fields of study has only rarely been examined (Ahlers 2012, p. 259)³.

Así, a confluencia da sociolingüística coa teoría de xénero pode resultar de interese en múltiples sentidos e cada unha destas disciplinas pode deitar unha perspectiva iluminadora sobre os problemas formulados pola outra. En ambos os dous casos hai un achegamento á análise da desigualdade social, as relacións de poder e a construción social das xerarquías. Os procesos diglósicos plasman situacións de desigualdade e exclusión social, mentres que, inversamente, os de normalización e revitalización poden entenderse como ligados a un proceso de inclusión no que tamén o xénero é unha compoñente de primeira orde. A defensa da lingua galega é máis clara en determinados colectivos e movementos sociais entre os que se inclúe o movemento feminista. A resistencia ou o rexeitamento aos patróns de xénero é un factor de sensibilización cara aos, igualmente culturais e arbitrarios, valores atribuídos ás linguas. De aí, daquela, que certos colectivos conflúan na defensa das mulleres e na dos dereitos lingüísticos e na loita pola dinamización e normalización da lingua. A isto súmase a feminización dalgúns colectivos profesionais, como o profesorado, particularmente activo na defensa do idioma.

A análise da relación entre lingua e xénero oriéntase, fundamentalmente, á identificación, descrición e explicación das diferenzas observadas no uso e nas actitudes lingüísticas en función do parámetro xénero: que papel diferencial xogan homes e mulleres na transmisión lingüística interxeneracional; como se usa e en que contexto a lingua por parte de mulleres e homes; que distinta predisposición teñen estes colectivos a fenómenos como a converxencia ou o neofalantismo; que diferenzas existen nas competencias formais e autopercibidas etc. Contamos con traballos cuantitativos que sosteñen que, aínda que as diferenzas no uso habitual do galego non son amplas, si son regulares e mantidas no tempo, cunha presenza menor do galego entre as mulleres. Os datos dispoñibles permítennos achegarnos ás diferenzas entre

3 Aínda que os estudos sobre a interacción das prácticas lingüísticas e a identidade de xénero sinalaron as complexas interaccións entre ambos, e aínda que as investigacións con-si-deraron de xeito semellante as formas en que as linguas patrimoniais en perigo de extinción serven como recursos na construción da identidade en comunidades centradas na revitalización lingüística, apenas se analizou a intersección destes dous campos de estudo (tradución propia do inglés).

contextos e tipos de uso, así como nas competencias. Quizais as diferenzas poderían ser máis substantivas se dispuxésemos de traballos deseñados especificamente para investigar esta relación.

Suárez Fernández (2010, p. 21) sintetizou as características que se viñeron asociando á linguaxe das mulleres como parte da construción da súa identidade, enumerando e, ao mesmo tempo, problematizando “a súa maior inclinación polas formas normativas, a meirande predisposición ao cambio de lingua baixo o criterio de cortesía ou a preferencia polas variedades de prestixio”. Por outra banda, tamén documentou o temperán interese pola cuestión da lingua e o xénero en Manuel García Barros, quen, na altura de 1930, reflexionaba xa sobre as causas da maior tendencia das mulleres á adopción do castelán e a aliñarse co que “impera” ou o que se impón, por un “parvo medo ao ridículo” e, nas clases altas, como un xeito de marcare de distinción social. A enorme masa de datos sociolingüísticos acumulada nos últimos anos permítenos afondar na realidade da relación entre lingua e xénero para alén das impresións ou xuízos subxectivos, corroborando, coa realidade da análise cuantitativa, as intuicións que ao respecto se teñen proferido ou se sosteñen socialmente. Mais o certo é que non sempre se atendeu de forma específica á variable xénero, polo que resta, no conxunto de estudos, enquisas e traballos empíricos, por procesar, de xeito rigoroso e de conxunto, a incidencia desta variable, que constitúe o sentido último deste traballo.

O noso propósito é, daquela, contribuírmos ao estudo desta intersección de máxima relevancia no contexto galego, da que cremos que se poden extraer conclusións extrapolables a análogos contextos multilingües; mais o importante é que isto axudará a unha comprensión contextualizada destes procesos en Galicia como vía para favorecermos o necesario proceso de revitalización lingüística e o avance cara á igualdade. Ese é o noso fin último, pois, como constataba Olga Castro (2010, p. 58): “na encrucillada xénero/nación, cómpre escollermos... as dúas”.

1.2. A expresión lingüística do xénero

Nos últimos tempos acadou enorme relevancia social a atención á codificación lingüística de cuestións ligadas ao xénero. Por iso, malia non constituír o tema do noso traballo e estar só parcialmente relacionado con el, non podemos deixar de tomar este debate social como unha expresión da importancia que ten e o interese que esperta na actualidade a dicotomía lingua e xénero.

Nos idiomas con xénero gramatical onde unha categoría morfolóxica está ligada á expresión semántica de diferenzas de xénero, pero ao tempo se expande máis aló dese significado, as consecuencias simbólicas son enormes. Só a xeito de exemplo, as oposicións día-noite, Sol-Lúa, con categorías antagónicas de base animista, serviron a miúdo como base para formulacións mitolóxicas e artísticas nas que este ou aquel elemento natural se representaba, antropomorficamente, como home ou muller. Así, mentres no mundo anglosaxón a morte é maioritariamente representada como un home e referida co pronome masculino “he”, na cultura galega as figuracións da mesma prodúcense a través de formas femininas; ou mentres en alemán a Lúa se antropomorfiza como home (de acordo co xénero gramatical que lle corresponde: *der Mond*), en galego e as linguas nas que ten marca gramatical feminina a súa consideración mitolóxica ou antropomorfizada adquire sistematicamente esta natureza. Todo isto evidencia que o xénero gramatical ten influencias nas nosas percepcións que sobordan unha designación neutra da realidade.

A lingua é unha creación cultural colectiva en constante mutación. Está continuamente adaptándose. Como resultado dun proceso histórico, codifícanse nela os valores da sociedade que a crea. A nosa cultura patriarcal intégrase, así, no idioma, enquistase nos seus diversos planos, agromando, logo, en termos e conceptos que se atopan no nivel léxico-semántico e tamén naquilo que é máis difícil de mudar e desconstruír: na propia morfoloxía, nas categorías lingüísticas e os morfemas flexivos. A dificultade para tomarmos conciencia daquilo que está xa codificado na propia estrutura lingüística deu lugar ao desacougo expresado por Carme Hermida Gulías (2010) nas conclusións do seu traballo arredor do sexismo nos dicionarios de galego. Mesmo no dicionario do que foi coautora, que contou cun equipo paritario que actuou, xa de partida, guiado por unha vontade de eliminación do androcentrismo, o sexismo persistiu de múltiples maneiras. Sen entrarmos na tipoloxía matizada da casuística pola que o androcentrismo e o sexismo marcan os traballos lexicográficos que analiza a autora no seu traballo, a sociedade, no seu conxunto, é, nestes intreos, consciente das diferenzas determinadas pola oposición de xénero en termos como *home público* e *muller pública*, das asimetrías ou baleiros na oposición de xénero na designación de profesións ou esferas atribuídas a un ou outro sexo, dun xeito que permite visibilizar esta ideoloxía implícita no conxunto da poboación como parte da argumentación dun debate social vivo e, por veces, acedo (Basanta 2015).

Que as propostas de modificación consciente da lingua dende unha conciencia de xénero espertasen e esperten tan acendidos debates no conxunto social e entre os especialistas dos diferentes sexos é revelador de que están en xogo dinámicas de

loita polo poder que se dirimen sobre o corpo da lingua. Olga Castro Vázquez explorou, para o noso ámbito, unha nova senda para avanzarmos “cara a unha outra representación de xénero na lingua”, constatando que “baixo o uso lingüístico representado como neutral e natural ocúltase en cada idioma a ideoloxía dominante” (Castro Vázquez 2010, p. 35). Así, se no uso lingüístico é posible rastrexarmos a pegada da desigualdade de xénero en mecanismos lingüísticos de invisibilización e condescendencia, tamén na propia norma lingüística hai un sexismo inherente, froito do proceso de construción do idioma nun contexto social determinado.

O pulo do debate social arredor da linguaxe inclusiva fronte ao tradicional uso do masculino como termo non marcado, con figuras de relevancia manifestándose nun ou noutro sentido, revela as tensións que se derivan dun momento de evidente cambio social no que se cuestiona o sistema de valores tradicional que marcaba a muller (e a lingua galega) como realidades subalternas. Neste intre en que están a cambiar os piares de valoración tradicionais prodúcese un choque que metaforicamente podemos expresar como o descarrilar deses “trens simbólicos” nos que unha cadea de vagóns *rural-rústico-tradicional-galego* circulaba por unha vía estreita fronte a outro no que se desprazaba, coa vertixe da alta velocidade, o tren *urbano-sofisticado-moderno-castelán*, a bordo dos cales viaxan a lingua e o xénero.

1.3. A lingua das mulleres

Os estudos da interseccionalidade entre lingua e xénero céntranse, especialmente dende que se produciu o xiro pragmático, nos usos diferenciais. Aténdese, así, a elementos esencialmente pragmáticos: quen fala, con quen, con que finalidade e con que efecto, en que contexto, a través de que canle, como constrúe a mensaxe, sobre que tópico ou como fai progresar a información e, no caso da conversación, como se producen os intercambios de palabra e a progresión temática da conversa. Préstase menor atención, pola contra, á escolla de código, que se configura, porén, coma un factor decisivo cando analizamos a cuestión nun contexto de linguas en contacto como o galego.

Certamente, a cuestión da escolla de código é de enorme interese e, antes de debuzármonos sobre ela, queremos achegarnos, aínda que sexa superficialmente, aos interesantes casos de usos diferenciais de códigos, fondamente reveladores dos funcionamentos sociais patriarcais.

Ao longo da historia da humanidade, os códigos lingüísticos foron ferramentas de comunicación que, coas diferenzas no seu uso por parte de homes e mulleres, determinadas polas súas distintas funcións e roles sociais, eran, malia todo, compartidos. Mais tamén existiron tradicionalmente códigos de uso restrinxido polo xénero. Houbo un código específico para as mulleres na antiga sumeria, o *ennesal*; e, na India, estas empregaban, en paralelo ao sánscrito, un código propio (o *rakrit*), que compartían cos homes das castes baixas, o cal resulta revelador da xerarquización social dos xéneros. En *yanyuwa*, unha lingua indíxena australiana, existían dialectos distintos para os dous sexos. A separación por xéneros dos colexios para xordos en Irlanda propiciou o desenvolvemento de dous códigos de lingua de signos diferentes para homes e mulleres.

Nos últimos anos, os códigos de representación escrita exclusivos de mulleres acadaron especial notoriedade. Un dos casos máis coñecido e documentado é o do *nu xu*, lingua escrita privativa das mulleres nunha área rural do sur da China. Curiosamente, en contraste coa escrita ideográfica do chinés, o *nu xu* posúe unha escrita fonética, con símbolos asociados non a fonemas, senón a sílabas (uns 600-700). O desenvolvemento do *nu xu* semella derivar da prohibición da aprendizaxe da escrita masculina, o *nan xu*, para as mulleres, que desenvolverían, así, o seu propio sistema alternativo. A este respecto é significativo que xustamente caese en desuso a partir do momento en que as nenas chinesas tiveron acceso á educación e, consecuentemente, ao código de escrita estándar.

Malia que hoxe sabemos que o *nu xu* ten unha existencia milenaria, o seu descubrimento produciuse hai tan só 40 anos, dada a necesaria clandestinidade na que se mantiña este código de comunicación entre mulleres. Tamén no Xapón naceu un código silábico privativo, coñecido como *hiragana*, como alternativa ao *katakana*. E é interesante a etimoloxía; se *nu xu* significa “escrita de muller”, *hiragana* significa “man de muller”.

A exclusión das mulleres do código escrito non é privativa da cultura chinesa. Dentro da nosa xeografía e ata entrado o século XX, documentamos indicacións a mestres por parte das familias de non ensinaren a ler ás nenas e a conquista da educación foi, como sabemos, difícil e lenta no ámbito feminino. Narciso de Gabriel (2013; 2018, p. 20) recolleu testemuños escritos de inspectores de ensino primario en Galicia nos que se constata que había pais que lles prohibían explicitamente aos mestres ensinárenlles a escribir ás nenas, por consideralo prexudicial. A autonomía que a escrita lles daría –interpreta este autor– poñería en risco a submisión e depen-


dencia que se agardaba delas. Non en van, no conxunto de mulleres escritoras que xurdiron no século XIX, o acceso á educación, á lectura e á escrita constitúe un tema de primeira orde; é, por exemplo, dominante na produción de George Eliot e, en Galicia, foi tamén tratado por Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán, confluíndo, na figura da primeira, como fixo ver Pilar García Negro (2010, p. 88), a contestación xenérica e lingüística.

1.4. A interseccionalidade entre lingua e xénero en Galicia

O noso obxectivo é, daquela, levarmos a cabo unha análise da intersección entre a lingua e o xénero en Galicia, o que nos achega a unha fonda comprensión da importancia do parámetro de xénero na situación sociolingüística galega. Para facelo, partimos dunha revisión dos estudos sociolingüísticos realizados previamente nos que o xénero tivo un papel importante, coa idea de extraermos esta variable e podermos chegar a unha análise interpretativa focalizada no seu papel específico. O noso enfoque combina as metodoloxías cualitativas e cuantitativas de datos procedentes de fontes secundarias que non tiñan como obxectivo principal o xénero, o que pon de manifesto a necesidade doutros estudos nos que esta categoría constituía o centro e o obxecto da análise.

A incorporación de datos procedentes de estudos non só sociolingüísticos, senón tamén demográficos, débese á necesidade de termos en conta determinados aspectos relativos á poboación, particularmente, na dimensión do xénero. Así, mentres que a poboación en Galicia en 1981 era de 2 811 912 de persoas, 40 anos despois o número de habitantes diminuíu en case 120 000, quedando en 2 695 645⁴. A figura 1 reflicte ese retroceso da poboación en Galicia, que ata o 2010 mantivera un aumento progresivo, na segunda década do século XXI. Esta mesma figura destaca as diferenzas nas cifras demográficas segundo o xénero, que se manteñen ao longo do tempo. Tomando como referencia un corte temporal concreto, o do ano 2022, obsérvase que o número de mulleres contabilizadas era de 1 395 756 fronte a 1 294 708 homes. Así pois, atopámonos cunha porcentaxe de mulleres en Galicia consistentemente superior á dos homes, cunha porcentaxe que oscila entre 51,84 % en 2004 e 51,88 % en 2022.

4 Comparación das cifras dos Censo de poboación e vivendas de 1981 e 2021.

Figura 1. Poboación galega segundo xénero entre 2004 e 2022.

Fonte: Padrón municipal de habitantes. Extraído de <http://www.ine.es>

As enquisas macrosociolingüísticas recentes aplicadas en Galicia reflicten unha situación, aparentemente paradoxal, na que a mellora das competencias convive coa ruptura da transmisión familiar interxeracional (Monteagudo e Loredó 2017) e coa diminución dos usos do galego por parte da poboación máis nova e das últimas xeracións respecto das precedentes (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). Os traballos centrados nas actitudes amosan unha evolución das *actitudes lingüísticas explícitas*, que semellan mellorar co transcurso do tempo, mentres que as *actitudes lingüísticas implícitas, automáticas e / ou sen control* manteñen un signo negativo cara ao galego, non tanto nos aspectos intelectuais (i.e.: culto, intelixente etc.), mais si no relativo ás características de personalidade relacionadas co dinamismo (i.e.: interese en progresar, confianza en si mesmo etc.). A complexidade da valoración complementábase co

feito de que os usos do galego están mellor puntuados na dimensión “solidariedade”, en concreto naquelas características relacionadas coa empatía e / ou atractivo social (i.e.: divertido, sentido do humor etc.).

Investigacións realizadas ao longo da segunda metade do século pasado sobre o proceso de substitución do galego polo castelán describían como estes procesos de desprazamento ían da man doutros fenómenos como: i) procesos migratorios do rural cara ao urbano / periurbano, ii) urbanización e industrialización da sociedade galega; iii) presión da escola de cara a utilizar o castelán como lingua principal; iv) medios de comunicación onde prima o castelán. En definitiva, a asociación dunhas altas competencias e prácticas en castelán co desenvolvemento educativo e o progreso social tivo un gran peso na construción e no mantemento dos prexuízos contra o galego que están na base dos procesos de substitución (Subiela 2010).

Malia o incremento global dos estudos de interacción entre sociolingüística e xénero, no ámbito galego esta análise específica foi moi escasa. O interese da sociolingüística galega enfocouse á análise da influencia doutras variables, como o territorio e/ou a temporalidade (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016; Monteagudo, Loredó, Nandi e Salgado 2019). Entre as razóns que poden explicar a escaseza de estudos neste eido atópase o pouco “tamaño do efecto” deste factor na sociolingüística galega. Porén, malia que foron contados os estudos que trataron de pescudar máis fondamente o efecto do xénero sobre as linguas en Galicia, si foron abondosas as hipóteses formuladas sobre este tópico, o cal reforza a necesidade de procedermos a un estudo baseado en datos que poida informar, con fiabilidade, sobre o que acontece e que explique como o xénero inflúe ou determina os usos e actitudes lingüísticas.

Como xa indicamos, as dificultades polas que pasa o idioma galego relacionáronse no pasado e seguen a relacionarse actualmente con déficits na transmisión interxeracional e cuns usos decrecentes, especialmente por parte da poboación máis nova, franxa de idade que se atopa en franca regresión. Este último factor estúdase neste traballo, na medida do posible, realizando unha descomposición da influencia da idade e tratando de dar resposta a preguntas sobre a influencia da data de nacemento, a relación entre as mudas lingüísticas e o avance a través das franxas etarias, entre outras cuestións. A adolescencia foi, dende sempre, unha das cohortes de idade máis estudada pola sociolingüística, debido á súa importancia cara ao futuro e á súa suposta maior maleabilidade no referente á conduta lingüística fronte á das persoas máis vellas. Porén, os últimos estudos comezan a centrar a atención na infancia como cohorte de idade de importancia decisiva nos procesos de adquisición das competencias bilingües en Galicia (Iglesias 2018) e nos procesos de substitución do galego polo

castelán en infantil e primaria (Díaz 2017), pois semella que as mudas nestas etapas educativas están moi presentes como consecuencia da ampliación dos contextos de relación xunto coas fondas modificacións das redes sociais próximas dos nenos e nenas.

A lingua galega enfrenta numerosos desafíos, entre os que se atopa garantir a transmisión interxeracional. Xa son varias as xeracións nas que se produciu unha diminución progresiva do índice de traspaso lingüístico dos proxenitores aos fillos e fillas, nun proceso de migración do campo á cidade no que numerosos prexuízos confluíron na mesma altura, poñendo en perigo o idioma galego e a súa permanencia nas xeracións futuras. Esta creba da transmisión interxeracional foi moi importante nos anos sesenta, menos marcada nos 90 e, contrariamente ao agardado, continuou e continúa durante as primeiras décadas do século XXI. O proceso de substitución lingüística aliméntase, tamén, da incorporación do castelán ás prácticas lingüísticas dos galegofalantes a través da converxencia cara á lingua dominante determinada por factores contextuais, polo interlocutor (Monteagudo, Loredó, Vázquez-Grandío e Nandi 2022) e/ou polas normas implícitas de uso de cada unha das linguas (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, pp. 77-93, 95-102 e 103-116). As presións sociais cara ao castelán son fortes e fanse sentir con especial intensidade nos grupos de idade máis novos (Álvarez Blanco coord. 2017). A escola ten, sen dúbida, un papel decisivo no eido formal e informal, condicionando todo o proceso (ex.: Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021; Loredó e Silva coord. 2020).

Os traballos precedentes non recolleron máis ca de forma parcial ou incidental a relación do xénero coas prácticas, competencias, actitudes e prexuízos lingüísticos, así como coa autoconfianza lingüística ou as motivacións. Algúns estudos incorporaron capítulos que se achegaron á influencia do xénero, como por exemplo en *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013* (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016); ou atenderon á importancia do xénero na avaliación sociolingüística, como o de Loredó, Gómez e Baldomir (2018) no CEIP Agro do Muíño; ou á importancia do xénero na delimitación do perfil competencial extraído dos estudos da avaliación das competencias bilingües (Loredó e Silva coord. 2020). Estes traballos son, pois, unha mostra de investigacións sociolingüísticas que tiveron o xénero entre as súas variables. Mais, a pesar de todo, o xénero non constituíu, en ningún dos casos citados, o centro do estudo, senón unha variable lateral e secundaria. Pola contra, neste traballo pasa a ser o obxectivo principal. O noso propósito é, pois, o de realizarmos unha análise diacrónica do parámetro de xénero na sociolingüística galega,

empregando para este obxectivo diversas fontes secundarias procedentes de estudos realizados previamente arredor das prácticas, competencias e actitudes lingüísticas.

Este ensaio intégrase na colección *Lingua e sociedade en Galicia*, que se propón estudar factores sociais na súa confluencia coa lingua. Trátase dunha serie de indicadores externos á estrutura lingüística, centrados en variables como a idade, a profesión, o nivel sociocultural, o nivel educativo, a familia, a procedencia ou residencia xeográfica etc. Polo que a nós respecta, tentaremos afondar nun parámetro, o do xénero, ao que se ten atribuído un tamaño de efecto máis reducido ca o dos anteriormente mencionados, mais que se erixe, sen dúbida, como un indicador de gran transcendencia no eido da sociolingüística, acadando efectos transversais na maioría dos indicadores de xeito sostido no tempo.

Dende un enfoque demográfico, indagando nos datos relativos ao xénero e tomando como punto de partida a revisión dos estudos sociolingüísticos anteriores, pretendemos levar a cabo unha segunda análise dos traballos da macrosociolingüística enfocados neste parámetro. Os tópicos analizados enfócanse na lingua inicial, nas prácticas lingüísticas, na transmisión interxeracional e nas competencias e actitudes idiomáticas e, finalmente, extraemos unha serie de conclusións globais e significativas sobre o tema.

2. Metodoloxía

2.1. Finalidade do traballo

O presente traballo ten como finalidade presentar unha primeira análise da importancia do xénero como un dos principais factores sociolingüísticos galegos operativizados nos procesos de: 1) transmisión lingüística interxeracional no contexto familiar; 2) competencias lingüísticas; 3) prácticas lingüísticas; 4) ámbitos de uso; 5) cambio lingüístico e 6) actitudes. Para realizarmos esta análise centramos o noso enfoque no concepto de “xeración”, estudando, en maior medida, as seguintes: 1) xeración X; 2) xeración *Y* ou *millennial* e; 3) xeración *Z* ou *centennial* (véxase Táboa 1).

Táboa 1. Taxonomía das xeracións.

Nome xeración	Marco temporal	Poboación*	Circunstancia histórica
Xeración <i>Alpha</i>	2010-actualidade		100% dixital
Xeración <i>Z</i> ou <i>centennial</i>	1994-2010	7 800 000	Expansión masiva de Internet
Xeración <i>Y</i> ou <i>milennial</i>	1981-1993	7 200 000	Inicio da dixitalización
Xeración <i>X</i>	1969-1980	9 300 000	Crisis do 73 e transición española
<i>Baby Boom</i>	1949-1968	12 200 000	Paz e explosión demográfica
Xeración silenciosa	1930-1948	6 300 000	Conflitos bélicos

*Datos correspondentes á poboación residente no estado español. Fonte: INE, 2015.

A xeración X (1969-1980) está formada polos fillos e fillas dos *baby boomers*, nados nos anos setenta. Esta xeración presenta, no Estado español, unha cronoloxía máis serodia ca no resto do mundo occidental, como consecuencia do efecto da ditadura franquista. Os seus integrantes viviron o esplendor do consumismo e a obsesión pola triunfo a toda costa. A xeración posterior, os *millennials* (1981-1993), foron moi mencionados, caracterizados como sobradamente preparados no ámbito dos estudos e nas competencias tecnolóxicas. Medraron nos inicios da dixitalización

e o seu acceso ao mercado laboral estivo marcado por unha crise económica. Foron definidos como preguizosos e individualistas; mais tamén deron pulo á vida sa ou ao ecoloxismo. Os *millennials* –así como a xeración *post-millennial* caracterizada polo emprendemento–, aprenden máis rápido ca as xeracións anteriores e de forma autodidacta, malia o cal sofren unhas taxas de paro moi elevadas.

Para podermos acadar os obxectivos procurados neste traballo combináronse dous enfoques diferentes: o da revisión dos traballos sociolingüísticos realizados en Galicia dos que podían obterse datos relativos á variable xénero, e o da análise de fontes de datos secundarias enmarcadas dentro dun enfoque metodolóxico máis cualitativo. A primeira fase da análise permitiunos extraer unha serie de hipóteses de carácter interpretativo da realidade sociolingüística galega e do papel do xénero nesta paisaxe. A segunda fase consistiu en utilizar unha selección de fontes macrosociolingüísticas de corte cuantitativo. Estas fontes secundarias non se deseñaron orixinariamente para analizar o papel do xénero na sociolingüística galega, polo que foi preciso extractar os datos relevantes para inserilos nunha análise nova; pero, malia esas diferenzas no seu enfoque orixinal, estas bases de datos permitíronos realizar unha aproximación inicial e contrastar as hipóteses realizadas na primeira fase, máis interpretativa. En calquera caso cómpre sinalarmos a necesidade de deseñar e realizar traballos sociolingüísticos en Galicia nos que o xénero sexa o foco principal da investigación. Somos conscientes, ademais, de que existen aspectos esenciais da categoría xénero non incorporados nesta investigación por requiriren, precisamente, de instrumentos de análise deseñados especificamente para o seu estudo.

2.2. Liñas de investigación

As liñas de traballo deste proxecto estiveron centradas na relación do xénero coa lingua no ámbito de Galicia, estruturando a investigación arredor das seguintes ideas principais:

- **Punto de partida.** O apartado inicial do noso estudo céntrase nunha revisión dos traballos sociolingüísticos realizados en Galicia nos que o xénero xogou un papel importante. Inclúe, ademais, unha primeira selección de traballos de corte cualitativo dos que se poden extraer as primeiras hipóteses que posteriormente se abordan na sección máis descritiva e extrapolable á sociedade galega das xeracións *X*, *millennials* e *centennials*.

- **A muller na sociedade galega.** A sociedade galega mudou dun xeito profundo durante estes últimos anos. Comezamos este traballo do mesmo xeito que iniciamos a investigación precedente (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016; 2018), analizando os trazos básicos da sociedade galega en relación ao xénero. Formúlanse algunhas das principais preguntas que xorden en relación a este factor e que son importantes á hora afrontar as hipóteses construídas no punto de partida.
- **A importancia da muller na transmisión lingüística interxeracional.** Este apartado busca realizar unha primeira aproximación á pregunta de se ás mulleres se lles transmitiu o castelán en maior medida ca aos homes no contexto familiar e se elas reproduciron esta conduta cos seus fillos e fillas. Tamén introducimos na análise outras variables como o ano de nacemento ou a xeografía.
- **As competencias lingüísticas. Bilingüismo e xénero en Galicia.** A consecución dunha competencia plena e equitativa en galego e castelán, que permita superar as desigualdades na distribución de ambas as linguas no corpo social –e moi particularmente as que pexan a situación do galego– constitúe un obxectivo, amplamente compartido pola sociedade, que se atopa en consonancia co espírito da lexislación en materia lingüística vixente en Galicia dende a aprobación do noso Estatuto de Autonomía de 1980 e, nomeadamente, da Lei de Normalización Lingüística de Galicia de 1983. Os datos demográficos xerais deitan diferenzas significativas nos niveis educativos atendendo ao xénero. Este traballo pretende ir máis aló para analizarmos a posible existencia de diferenzas nas competencias bilingües entre homes e mulleres e en que medida esta circunstancia pode estar a afectar as condutas lingüísticas.
- **As linguas de Galicia e o xénero.** Esta liña de traballo procura obter unha visión conxunta da lingua na que se aprendeu a falar e na que se fala habitualmente no territorio galego, observando o efecto do xénero sobre estes indicadores.
- **A distribución das mulleres por ámbitos de uso lingüístico.** Esta área de estudo ten como finalidade analizar e comparar o emprego do idioma galego e castelán nos principais contextos de uso segundo o xénero. A xustificación do capítulo baséase na comparación das prácticas lingüísticas nos diferentes contextos (i.e. familia, escola, traballo e medios de comunicación).

- **Cambio lingüístico e xénero.** Intuitivamente, estímase que existen diferenzas segundo o xénero nas condutas lingüísticas dos galegos e galegas. De feito, as primeiras aproximacións parecerían indicar que as mulleres amosan unha maior tendencia ao cambio. Esta primeira achega tenta confirmar a existencia destas diferenzas entre homes e mulleres nos procesos de cambio.
- **As actitudes lingüísticas e xénero.** Decidiuse outorgar unha entidade propia a este construto malia que as fontes macrosociolingüísticas actuais non inclúan esta variable. Porén, imos tratar de achegarnos a unha visión xenérica que parte dun feito constatado: a innegable influencia desta categoría na intención e conduta lingüística dos falantes.

2.3. Fontes cualitativas secundarias

Este traballo arrinca dunha proposta temática, a partir da cal se esbozaron algunhas conxecturas previas ás nosas análises. Para isto, complementouse a revisión bibliográfica coa presentación de datos cualitativos que permitisen formular hipóteses sobre as posibles conexións entre o xénero e os procesos sociolingüísticos. Do mesmo xeito que para o estudo cuantitativo, traballamos sobre fontes secundarias, aínda que se tiveron en consideración os corpus de entrevistas propios do Seminario de Sociolingüística.

Fíxose unha revisión xeral das investigacións ás que temos acceso neste momento. Porén, algunhas obras teñen unha presenza maior no texto final, sobre todo por consideralos a fonte principal de transcricións de testemuños. Algúns textos escolléronse por seren traballos senlleiros; outros polos asuntos tratados e a súa relación coas nosas hipóteses de partida ou por incluíren, de xeito específico, apartados ou análises de xénero. Velaquí as principais:

- Formoso Gosende, V. (2013). *Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico.*
- González Veira, A. e Seoane Bouzas, N. (2010). Un achegamento aos pre-conceptos contra o galego por parte das mulleres a través das súas palabras
- Iglesias, A. (2002). *Falar galego: 'no veo por qué': aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia.*
- Monteagudo, H., Loredó, X., Vázquez-Grandío, G. S. e Nandi, A. (2021).

Prácticas lingüísticas na infancia: a xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización.

- Seminario de Sociolingüística, RAG (2003). *O galego segundo a mocidade: unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas.*
- Vázquez-Grandío, G. S. (2018). *La escuela en la transmisión intergeneracional de la lengua gallega: Una aproximación etnográfica.*

2.4. Fontes macrosociolingüísticas secundarias

A terceira fase do noso traballo, no seu enfoque macrosociolingüístico, acudiu a unha serie de estudos para analizar a relación do xénero con: 1) transmisión interxeracional; 2) competencias bilingües; 3) prácticas lingüísticas; 4) ámbitos de uso; 5) cambio lingüístico e; 6) actitudes.

A táboa 2 detalla as fontes utilizadas. Os datos utilizados foron os incluídos na táboa, mais non se incluíron todas análises realizadas xa que non se considerou necesario para a presentación das nosas conclusións. Por exemplo, aqueles datos que reinicián nas mesmas conclusións soamente se incluíron nunha mostra dos resultados.

Táboa 2. Fontes de datos para estudar a importancia do xénero en Galicia dende unha óptica demolingüística.

Acrónimo	Autoría	Nome	Ano	Universo
FO-70	FOESSA	Informe sociolóxico sobre la social de España	1970	Amas de casa, Galicia (con representación estatal)
ICF-74	M.Ayestarán Aranz-Justo de la Cueva	Las familias de la provincia de Pontevedra (Galleguidad y conflicto lingüístico)	1974	Amas de casa, provincia de Pontevedra
MSG-92*	Seminario de Sociolingüística, RAG	Mapa sociolingüístico de Galicia	1992	Galicia
MG-01	Seminario de Sociolingüística, RAG	O galego segundo a mocidade	2001	Alumnado de Secundaria de Galicia

Lingua e xénero

Acrónimo	Autoría	Nome	Ano	Universo
CE-01	Instituto Nacional de Estadística	Encuestas características esenciales de la población (ECEPOV)	2001	España
IGE-03	Instituto Galego de Estatística	Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego.	2003	Galicia, 5 ou máis anos
SS-04	Seminario de Sociolingüística, RAG	Avaliación sociolingüística do alumnado de 4 da ESO de Galicia	2004	Educación Secundaria en Galicia (4º ESO)
MSG-04*	Seminario de Sociolingüística, RAG	Mapa sociolingüístico de Galicia	2004	Galicia, 15-54 anos
SS-05	Seminario de Sociolingüística, RAG	Language Use and Language Attitudes in Galicia	2005	Alumnado de Ciencias da Educación, USC
CC-08	Consello da Cultura Galega	Situación do ensino da lingua e literatura galega na educación secundaria obrigatoria	2008	Alumnado de Secundaria de Galicia
IGE-08	Instituto Galego de Estatística	Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego.	2008	Galicia, 5 ou máis anos
ICE-09	Instituto de Ciencias da Educación, USC	Avaliación da competencias do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán	2009	Alumnado de Secundaria en Galicia (4º ESO)
CE-11	Instituto Nacional de Estadística	Encuestas características esenciales de la población (ECEPOV)	2011	España
CC-12	Consello da Cultura Galega	Mocidade, lingua e redes sociais	2012	Mocidade galega
IGE-13	Instituto Galego de Estatística	Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego.	2013	Galicia, 5 ou máis anos
CC-16	Consello da Cultura Galega	Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia.	2016	Mocidade
MG-08	Seminario de Sociolingüística, RAG	O galego segundo a mocidade quince anos despois.	2018	Alumnado de secundaria galego
IGE-18*	Instituto Galego de Estatística	Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego.	2018	Galicia, 5 ou máis anos

Acrónimo	Autoría	Nome	Ano	Universo
SS-19*	Seminario de Sociolingüística, RAG	Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán ao final do ensino obrigatorio.	2019	Educación Secundaria en Galicia (4º ESO)
SS-20*	Seminario de Sociolingüística, RAG	Mapa sociolingüístico escolar de Ames	2020	Alumnado do Concello de Ames
CE-21	Instituto Nacional de Estadística	Encuestas características esenciales de la poboación (ECEPOV)	2021	España


3. Punto de partida

A importancia do xénero no eido da sociolingüística galega faise patente dende os primeiros estudos. O relevante traballo realizado por Ayestarán Aranaz e De la Cueva Alonso (1974), no que se utiliza unha mostraxe composta unicamente por amas de casa da provincia de Pontevedra coa que se pretendía coñecer a relación entre lingua e sociedade galega, é revelador da premisa da que partían os grandes sociólogos daquel tempo á hora de analizaren a sociolingüística galega, segundo a cal non se outorgaba excesiva relevancia á variable xénero. Esta premisa foise modificando co paso do tempo, de xeito que a revisión dos procedementos empregados nos sucesivos estudos cuantitativos deita como resultado unha modificación das mostras ata chegarmos á consideración do “sexo”, unha variable sen a cal a mostra dun estudo non se podía considerar significativa a partir dunha determinada altura.

Unha parte importante dos resultados da investigación de Ayestarán Aranaz e De la Cueva Alonso (1974), realizada hai preto de cincuenta anos, apuntaba, entre outras moitas cousas, á existencia dunha porcentaxe moi elevada de amas de casa pontevedresas bilingües (76 %), sendo, a maioría delas (65 %), galegofalantes iniciais. Este documento puxo de relevo a escaseza, naquela altura, do que os autores denominaban “unilingües” en castelán, que constituían unha porcentaxe residual, inferior ao 5 % da mostra (Figura 2).

Entre outras moitas cousas, o traballo sinalaba o impacto que tiñan os ingresos familiares na lingua na que contestaban as mulleres nos anos setenta do século pasado. Este fenómeno podía ser relatado do seguinte xeito: a medida que os ingresos eran menores, a probabilidade de que as enquisadas respondesen en galego era maior, achegándose a cifras próximas ao 90 % nas familias con ingresos inferiores ás 5000 pts. Este resultado retrataba a lingua galega como un marcador social decisivo que se escenificaba dun xeito moi fiable entre as mulleres.


Figura 2. Bilingüismo individual das amas de casa de Pontevedra. 1974.



Fonte: Justo de La Cueva e Margarita Ayestarán. Enquisa a unha mostra aleatoria de 600 amas de casa. Xullo-agosto 1974 (p. 54).

Este estudo, centrado nas amas de casa de Pontevedra nos anos setenta, achérganos datos que nos permiten coñecer aspectos relevantes do bilingüismo en Galicia e o xeito en que diferentes factores influen sobre os usos lingüísticos. As fondas mudanzas que se produciron dende entón podemos ilustralas mediante o contraste cun traballo sociolingüístico máis recente, realizado na segunda década do presente século nun concello periurbano. Recolléronse, entre outras cuestións, as prácticas lingüísticas familiares dos escolares da etapa de primaria. As diferenzas na lingua habitual entre os proxenitores e os nenos e nenas son moi significativas: o galego está máis presente nos proxenitores, chegando a falarse dunhas diferenzas entre xeracións de arredor de 25 puntos porcentuais. Mais a recollida de datos sobre as prácticas familiares no devandito traballo permite, tamén, coñecer diferenzas de uso por xénero. Así, o uso do galego entre os pais é catro puntos porcentuais superior ao das nais (Figura 3).

Cómpre termos en conta, claro está, as diferenzas de metodoloxía, deseño da mostra, instrumentos e procedementos de análise utilizados no estudo dos anos setenta do século pasado e a investigación da segunda década do século actual. Porén, non se pode deixar de sinalar que a presenza do galego representada nas amas de casa dos anos setenta fronte ás nais periurbanas do estudo máis recente retrocedeu dun xeito moi importante.

Figura 3. Lingua habitual das nais, pais e alumnado de educación primaria. Concello periurbano. 2019.

Fonte: Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío (2020, p. 133). Mostra: familias (n=880 familias) e escolares (n=432).

Así pois, pode afirmarse que, primeiro o “sexo” e, máis recentemente, o “xénero”, foron variables consideradas de xeito habitual nas investigacións da sociolingüística galega. De feito, é prescristivo nos cuestionarios recoller este ítem entre as súas primeiras cinco preguntas. Con todo, os traballos centrados especificamente nas relacións entre lingua galega e xénero foron inexistentes durante anos e continúan a ser escasos na actualidade. Probablemente a primeira obra non chegou ata ben entrado o presente século, coa publicación do volume *Lingua e xénero. VI Xornadas sobre lingua e usos* (Mosquera 2010). Así o expresaba o editor no limiar:

Transcorreron cinco edicións até que finalmente o foro con que o SNL¹ convida anualmente á comunidade universitaria e investigadora interesada, e ao público en xeral, a reflexionar sobre a lingua galega e a súa presenza nun ámbito ou espazo social concreto, deitase a súa ollada sobre un binomio que até o de agora parecía ficar á

1 Servizo de Normalización Lingüística.

marxe das axendas investigadoras, dos catálogos editoriais e dos documentos planificadores feitos por e desde a lingua galega (Mosquera 2010, p. 7).

As contribucións ao volume arrincan cunha revisión de traballos sociolingüísticos senlleiros focalizada nos resultados tirados polas variables “sexo” ou “xénero” ofrecida por Isabel Suárez (2010, pp. 19-32). González Veira e Seoane Bouzas (2010, pp. 63-78) fan unha achega de corte cualitativo ao redor dos prexuízos lingüísticos de xénero baseada en entrevistas a mulleres de distintos perfís. Teresa Moure (2010, pp. 147-169) e García Negro (2010, pp. 79-88) achegan cadansúa reflexión teórica sobre a desigualdade de xénero e a súa relación coa situación social de diglosia. O libro complétase con outros catro capítulos de corte máis ben lingüístico, dedicados á linguaxe (non) sexista, nos medios de comunicación e no mundo editorial, da man de Olga Castro Vázquez (2010, pp. 33-62), Carme Hermida Gulías (2010, pp. 89-114), Robert Neal Baxter (2010, pp. 115-136) e Roi Vidal (2010, pp. 137-146).

Como vemos, trátase dunha recompilación ecléctica, conformada, sobre todo, por traballos de carácter aproximativo, aínda que non por iso menos valiosos e máis aínda se consideramos que, máis de dez anos despois, semella que estas actas seguen a ser a única obra coa que contamos na sociolingüística galega centrada na intersección entre lingua e xénero.

Volvendo aos grandes traballos estatísticos, o feito de que a maioría deles considerasen unha variable de xénero tampouco se traduciu sempre nun tratamento directo das diferenzas e menos aínda en que se lle dedicasen apartados específicos, sobre todo nos primeiros informes (véxase: Seminario de Sociolingüística da RAG 1994; 1995; 1996). Son as investigacións máis recentes as que con maior frecuencia analizaron polo miúdo estas variacións, incluíndo epígrafes e capítulos dedicados de xeito específico a esta cuestión (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, pp. 173-176). Quizais por iso mesmo foron tamén estes traballos os que fixeron unha énfase máis acusada nas desigualdades existentes. Dun xeito moi superficial e resumido, poderíamos dicir que, con independencia do obxecto do proxecto (usos, competencias, actitudes lingüísticas...), estas obras debuxaron un panorama no que a disparidade entre os xéneros respecto ao seu comportamento lingüístico era consistente, aínda que pouco pronunciada. Así o expresou no seu día Suárez, na mencionada contribución:

Os datos presentados permiten concluírmos que, malia non seren cuantitativamente avultadas, as diferenzas de xénero nos usos lingüísticos son reiteradas e consistentes co modelo sociolingüístico de xénero (Suárez 2010, p. 31).

En calquera destes traballos semella que todos os indicadores amosaban tendencias similares para homes e mulleres, levemente máis favorecedoras para o galego nalgúns puntos no caso dos primeiros. Cando se procurou unha explicación, a maior parte deles conformáronse con sinalar unha tendencia das mulleres a preferiren as variantes máis prestixiosas nas situacións de contacto lingüístico, remitíndose, dun xeito xenérico, a traballos clásicos coma o de Trudgill (1972) ou Labov (1966).

Quizais por isto último, as relacións entre lingua galega e xénero foron tratadas aínda en menor medida nas investigacións de corte cualitativo. De feito, só atopamos, a día de hoxe, un traballo deste tipo centrado nas relacións entre lingua e xénero en Galicia, a compilación *Muller inmigrante, lingua e sociedade* (Rodríguez Salgado e Vázquez Silva 2017) e, ata onde chegan os nosos coñecementos, non existe ningún específico para as relacións entre xénero e lingua galega.

Certo é que a introdución destas metodoloxías é máis recente na sociolingüística galega moderna e os estudos menos numerosos. Ademais é ben sabido que, en moitas ocasións, cando se acode a estratexias cualitativas faise na procura de explicacións e respostas a interrogantes que xorden dos resultados das grandes enquisas sociolingüísticas. Por iso, parte desta desatención podería vencellarse á limitada problematización da cuestión nos traballos precedentes. Así xustificaba Iglesias, no xa clásico *Falar galego: “no veo por qué”* a decisión de deixar as cuestións de xénero á marxe da súa análise²:

A pesar de que unha das variables utilizadas na gran maioría dos estudos sociolóxicos é o xénero, no noso caso non a tivemos en conta, debido a que os estudos cuantitativos levados a cabo ata o de agora indican que en Galicia non introduce diferencias significativas nos usos lingüísticos e menos aínda nas actitudes. Así, por exemplo no Mapa Sociolingüístico de Galicia (1995, p. 45, nota 16) podemos ler «a diferenza do que sucede noutras comunidades con linguas en contacto, en Galicia a variable sexo non introduce diferencias importantes na lingua habitual». Esta variable considérase en moitos estudos fundamental para explicar os procesos de substitución e mantemento lingüísticos, presentándose as mulleres como pioneiras na adopción das linguas dominantes e o abandono das dominadas. Sen embargo, coincidimos con S. Romaine (1996, p. cap. 4), cando afirma que este comportamento é consecuencia da situación de sometemento da muller en determinadas sociedades. De aí que consideremos necesario reformular o seu papel, a raíz das transformacións na división tradicional dos

2 Unha explicación semellante pero máis actual podémola atopar tamén en Iglesias (2022, p. 5).

xéneros nas novas sociedades occidentais, coa incorporación da muller ó mercado laboral e tódalas consecuencias que isto provoca (independencia económica, reestruturación da familia, etc.) (Iglesias 2002, p. 78).

Na mesma liña, noutros casos nos que si se intentou atender a esta dimensión de modo directo, o tratamento nos datos estatísticos e a presenza limitada do tema nos traballos cualitativos precedentes aparelhou dificultades para desenvolver análises máis fondas (Vázquez-Grandío 2018, p. 104). Fundamentalmente, atopámonos cunha escaseza de hipóteses claras e ben definidas, de análises estatísticas máis polo miúdo e dun desenvolvemento teórico adaptado á sociolingüística galega que permita, nos límites dos proxectos, unha boa triangulación que valide as observacións e inferencias propias deste tipo de aproximacións.

Entre os traballos cualitativos máis sobranceiros, só *Do estigma á estima*, de Valentina Formoso (2013) e *O galego segundo a mocidade* (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003) consideran o xénero como unha unidade de análise da súa investigación.

O primeiro, unha análise discursiva baseada en grupos de discusión, xustifica neste interese concreto a conformación paritaria dos grupos. Aínda que a maioría de traballos procuran igualar as súas mostras, a autora é a única que o fai –ou a única que así o declara– de xeito específico para “comprobar se existían diverxencias entre o discurso de homes e mulleres” (Formoso 2013, p. 43). Mais por iso mesmo non atopamos no libro un apartado específico para tratar este tópico, senón que é no contexto da análise doutros aspectos onde Formoso introduce, de habelas, as diferenzas que atopa entre o testemuño dunhas e doutros. As súas observacións refiren principalmente as diferenzas no comportamento lingüístico e no impacto dos prexuízos lingüísticos, aínda que posteriormente volveremos sobre elas con maior detalle.

Respecto ao segundo, *O galego segundo a mocidade*, seguramente sexa a investigación na que o xénero tivo unha importancia maior, non só no seu desenvolvemento, senón tamén nas súas conclusións. Centrado nas actitudes lingüísticas, trátase dun estudo de metodoloxía mixta que combina as entrevistas e os grupos de discusión coa *matched-guise* ou técnica de máscaras, de carácter experimental. A última demostrou que as actitudes negativas cara á lingua se exacerbaban cando quen falaba era unha muller e, asemade, que as mulleres valoraban peor as persoas galegofalantes. Segundo esta investigación, o xénero, xunto ao acento, eran os principais elementos discriminantes para adolescentes, universitarios e universitarias. Ter unha prosodia marcadamente galega implicaba unha peor valoración das falantes, sobre todo nos

aspectos socioeconómicos, relacionándose cun menor desenvolvemento profesional nun grao maior ca no caso dos homes:

Pódese comprobar que cando a voz feminina fala con acento galego, as avaliacións dos suxeitos son máis homoxéneas que no resto dos casos. [...] Isto mesmo ocorre no caso das producións con acento galego fronte ás que presentan acento castelán. Tal circunstancia podería ser indicativa de que os rapaces, cando avalían os falantes con acento galego, apelan a categorías sociais preestablecidas asociadas a estes colectivos, que posúen unha definición social máis potente (Giles e Ruan 1982). Polo tanto, resulta un marcador social máis forte que unha muller se exprese con acento galego, independentemente da súa lingua, que no resto dos casos, mesmo que o home se exprese nesas mesmas variedades. Partindo destes resultados a muller sería a máis proclive a sufrir discriminación pola súa conducta lingüística (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003, pp. 67-68).

Porén, a pesar de chegar a estas conclusións na experimentación, a análise das diferenzas de xénero non se estendeu ás entrevistas e aos grupos. Con todo, consideramos que o traballo constitúe un dos mellores puntos de partida para unha achega cualitativa a estes fenómenos, ao deixar patente e definir, en boa medida, a interseccionalidade entre a lingua e a fala galega e o xénero como factores de desigualdade.

Isto é, polo de agora, o que atopamos se buscamos investigacións que, mediante unha metodoloxía cualitativa, indagasen de xeito activo e específico nas relacións entre lingua galega e xénero. Emporiso, si encontramos noutros traballos rexistros de distinto tipo que poderían indicar a existencia de procesos da mesma natureza ou que teñen a virtude de formularen interrogantes, convidando á análise e á reflexión. Nas entrevistas ou no traballo de campo, é bastante habitual que as persoas coas que interactuamos as investigadoras e investigadores nos acheguen as súas impresións, moitas veces intuitivas e outras quizais prexuzosas, sobre diferenzas de xénero que identifican na súa realidade lingüística cotiá. Por iso, non é infrecuente que algúns destes testemuños aparezan recollidos no *verbatim* das obras editadas. Noutras ocasións, aínda que non estea exposto de xeito explícito, podemos facer deducións baseadas na nosa experiencia sobre as reflexións que nos trasladan as persoas investigadoras.

Recollendo isto e mais todo o anterior, o obxectivo deste apartado é facermos unha sucinta recompilación dos tópicos máis habituais nos traballos cualitativos que nos falan das relacións entre xénero e lingua galega. Presentámoslos máis como preguntas ca como respostas, non pretendendo demostrar nada, senón quizais só animar ao desenvolvemento de novas investigacións que afonden nestas e noutras hipóteses.

As diferenzas entre xéneros que atopamos nos traballos revisados e na nosa propia experiencia poderíanse agrupar en tres grandes liñas: distincións entre homes e mulleres na transmisión interxeracional da lingua, diferenzas nas actitudes lingüísticas e as súas implicacións e, finalmente, variacións no comportamento ou nos usos lingüísticos e na predisposición á converxencia, ao cambio lingüístico ou a muda. En conxunto, pequenas ou grandes variacións entre homes e mulleres nestes e noutros aspectos poderían supoñer diferenzas cualitativamente máis fondas do que de primeiras poderíamos imaxinar dos indicadores macrosociolóxicos de usos lingüísticos ou competencias.

3.1. Diferenzas de xénero na transmisión interxeracional da lingua galega

Nun sentido laxo, falaremos da transmisión interxeracional do galego como o proceso de reprodución lingüística no seo familiar, representado na correlación entre a lingua dos proxenitores e a súa descendencia³. Neste marco, a posible diverxencia entre xéneros situaríamola, fundamentalmente, en dous niveis: por unha banda, podería existir na crianza que as familias dan ás nenas fronte aos nenos. Hipoteticamente, favoreceríase con maior intensidade a adquisición do castelán por parte das nenas, seguramente a causa do meirande impacto dos prexuízos e actitudes negativas sobre elas. Por outra banda, podería haber unha maior ou menor tendencia á creba da transmisión interxeracional de nais e mais avoas fronte a pais e avós. Isto poderíase explicar directamente por unha presenza máis reducida do galego entre elas; mais tamén por outros factores, como o distinto rol das mulleres na educación e nos coitados familiares e, polo tanto, por unha maior implicación no desenvolvemento e implantación da política lingüística familiar.

Respecto ao primeiro aspecto, a falta dun indicador específico que medise esta posible desviación na poboación, a principal fonte de indicios atopámola nas distincións que os suxeitos fan do comportamento lingüístico con e entre irmáns dentro dunha mesma familia. Así o recollía, por exemplo, Vázquez-Grandío nunha etnografía do sistema educativo na provincia de Lugo:

3 Para unha análise en maior profundidade véxase: Monteagudo, Loredó e Nandi (2020) ou Loredó e Monteagudo (2017).

As nenas –á miña irmá e mais a min–, educáronnos en castelán e aos meus irmáns todos en galego. Miña irmá e mais eu falamos en castelán entre nós e cos nosos irmáns en galego. Eu son desa época! Diglosia de xénero total! (Profesora, nota de campo)⁴ (Vázquez-Grandío 2018, p. 104).

Noutros casos, quizais non se fale directamente das estratexias educativas das familias, mais si se sinalan diverxencias no comportamento lingüístico moi temperás, que se poderían vencellar a este tipo de orientacións:

As razóns desta escolla precoz escápanse por completo. Esta diferenza no comportamento dáse incluso entre unha parella de irmáns: Olalla escolle o castelán, Uxío, o seu irmán pequeno, escolle o galego poucos anos máis tarde [...]

UX: *En primaria eu pensaba que era o único* [que falaba en galego]. *Incluso pensaba que debía ser o único no mundo porque a miña irmá falaba castelán en primaria. Non sei, parecíame un pouco raro, pero tampouco lle daba moita importancia* [...] (Rodríguez Carnota 2022, pp. 59, 61).

Ben é certo que tamén podemos atopar exemplos opostos, nos que sexa entre os varóns onde se favoreza o castelán; pero a nosa experiencia de campo diríanos que se trata de algo moitísimo máis excepcional. Ademais, estes episodios son, xeralmente, explicables por factores contextuais e externos á familia, as máis das veces por procesos migratorios: un irmán criado no rural e outro na cidade; un en Galicia e outro noutra comunidade autónoma etc. (Iglesias e Acuña 2021).

Lidia Gómez, por exemplo, atopa un caso no que a menor de catro irmáns foi a única criada en galego. Porén, seguindo o testemuño da rapaza, este cambio é explicado pola diferenza de idade –ela é 20 anos menor ca o inmediatamente anterior– e as moi distintas circunstancias sociais nas que transcorreron as infancias e a escolarización. En concreto, a súa informante coida que a maior intensidade dos prexuízos cara ao galego no pasado foi o que empurrou á castelanización dos irmáns máis vellos (Gómez 2020, p. 36).

Ao buscarmos unha explicación para o comportamento das persoas adultas, o máis habitual é que se xustifique na maior *finura* outorgada ao castelán fronte

4 Dado que cada traballo dos consultados emprega diferentes xeitos de presentar as reproducións literais de locucións e tendo en conta que nós citamos tanto estes fragmentos coma texto dos autores e autoras, optamos por respectar a maneira de presentalos no orixinal, mais sinalando con cursivas a oralidade, con independencia de se aparece así ou non na referencia..

aos estereotipos de rudeza asociados á lingua galega, en sintonía co que amosan os principais traballos sobre actitudes lingüísticas (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003; Iglesias 2007; Álvarez Blanco coord. 2017).

AL: eu recordo algo meu pai cando: cando era máis pequeno pero acórdome perfectamente | sempre me tiraba un pouquiño do castelán el falando galego sempre sempre era: | pois non sei | falarlle en castelán ós nenos para ver: non sei para que salira máis fino (risa) non sei por que! Eu nunca nunca lle respondín en castelán era incapaz (Gómez 2020, p. 36).

Secasí, estes e outros testemuños motivarían parcialmente a creba da transmisión interxeracional; mais cómpre afondarmos na cuestión para incorporar á reflexión aspectos arredor do xénero que explicarían por que motivo este proceso sería máis acusado no caso das nenas. De non existiren diferenzas de xénero, criar persoas *finas* como obxectivo non tería incidencia segundo esta variable; pero podemos, en primeiro lugar, trazar un paralelismo entre as actitudes lingüísticas e os estereotipos de xénero, que resultaría nunha maior asociación entre a pretendida “finura” do castelán e o ideal de feminidade:

As nenas eran máis bonitas falando castellano porque, non sei, víaas nenas así máis... femininas, quedáballes mellor. Senón [se falaren galego] parecían moito máis brutas, sobre todo a pequena. Tiña así unha cara, así..., non sei. Cambiáballes a cara. Coma a maior, cando se pintaba: era ghuapísima pintadiña, e senón... era unha nena normal e corriente. E se falaba en castellano era ghuapísima e se falaba ghallego, pois... xa non era tan ghuapa (González e Seoane 2010, p. 70).

De acordo con isto, nos casos nos que se dá a creba, esta consolidaríase máis para as mulleres, pois, como se ten sinalado dende a teoría de xénero, estas atópanse sometidas en meirande medida aos prexuízos e convencionalismos relativos á súa posición social subordinada.

Por outra banda, un obxectivo principal da educación dentro e fóra da familia é o de garantir o benestar futuro da proxenie e, moi particularmente, a súa prosperidade económica. Por iso, poderíamos relacionar as diferenzas no proceso de socialización lingüística dos nenos e as nenas coa percepción familiar das oportunidades futuras. Neste sentido, a desgaleguización e o cambio lingüístico foron frecuentemente relacionados coa mobilidade social ascendente, do mesmo xeito que a saúde da que gozou o galego ata hai ben pouco se relacionou, en boa medida, coas baixas expectativas de mellora para gran parte da poboación rural (García Turnes 2004; Monteagudo 2018). Deste xeito, quizais poderíamos vencellar a preferencia do castelán para criar

as fillas das familias galegofalantes cunhas peores perspectivas para atopar un futuro laboral e persoal na contorna inmediata do fogar e mesmo cunha maior proxección cara ao matrimonio, especialmente, pero non só, nas xeracións máis vellas.

A mi hermana mayor, que me lleva a mí siete años, tiene ahora 55, como en el pueblo no había muchas opciones, la mandaron a Pontevedra para que, literalmente, aprendiese castellano (González e Seoane 2010, p. 74).

Afondando nesta mesma idea, cómpre preguntármonos como pode afectar neste punto a percepción das familias da situación lingüística e de xénero –actual ou histórica, real ou percibida– en distintos ámbitos laborais. No caso do sector primario, estreitamente unido ao rural, ás explotacións familiares e aos usos galegofalantes, trátase dun ámbito marcadamente masculinizado. No sector servizos, asociado tradicionalmente ao castelán, é onde predominan, pola contra, as mulleres⁵. Isto sería tamén consistente cos datos que apuntan a unha marcada diferenza nos usos lingüísticos no traballo –mentres o galego é neste contexto a lingua habitual de máis do 62 % dos homes, apenas o é do 39 % das mulleres (Álvarez Blanco coord. 2017, p. 75)– ou co ancheamento da fenda de xénero detectada no uso do galego nas idades que comprenden a vida laboral (Suárez 2010, pp. 26 e ss.; Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, p. 175).

Recollemos este testemuño que parecería ilustrar boa parte do exposto ata o de agora: as diferenzas entre homes e mulleres, as prácticas lingüísticas no mundo laboral e o interese dos proxenitores por garantiren unha socialización en castelán das súas fillas:

Teño envidia deles [traballadores]; xa me gustaría poder falar sempre o que quero pero a min non me deixan. Eles son todos homes pero disque no meu caso non queda ben que, cando entra a xente á tenda, unha rapaza nova vaia falar con esta xente en galego. (González e Seoane 2010, p. 75).

Se esa clientela for xente maior, permitiríasele empregalo; mais, se se tratar de persoas de mediana idade, xa non sería acaído:

E ca xente que chega á tenda... se vén xente da zona que fala galego, pois permítenme que llo fale, sobre todo se é xente vella [...] pero se vén xente xa máis da zona de C... ou

5 Segundo a enquisa de poboación activa do INE (2022), hai máis do dobre de homes ca de mulleres no sector agrícola e mariñeiro, mentres as mulleres constitúen ao redor do 57 % das traballadoras do sector servizos.

matrimonios de mediana edá, se ta o jefe, podo falar como queira pero como tea a filla... que non se me ocurra: ta obrigado falar castellano e non queda outra (González e Seoane 2010, p. 74).

A segunda pregunta que nos formulabamos no comezo deste apartado era se as nais creban en maior medida a transmisión interxeracional. Unha das mulleres entrevistadas por González e Seoane comenta que “na familia, as mulleres xeralmente adoitaban utilizar castelán para falaren con ela, mentres que os homes se lle dirixían sempre en galego” (González e Seoane 2010: 68). Distincións coma estas son bastante frecuentes nas biografías lingüísticas dos falantes e máis aínda os episodios nos que aparecen de maneira implícita:

Meus pais comigo sempre falaron galego, pero cos meus irmáns non. Cos meus irmáns sempre falaron... a miña nai sempre intentou falarlles en castelán. [...] por esa cuestión non? De que antes que... que bueno, como no colexio lles mandaban falar castelán sempre pois eu creo que a miña nai [...] entón eu creo que o fixo un pouco por iso, por acostumarlos un pouco e porque ese cambio quizais non fora tan brusco (Fragmento de entrevista do corpus propio do Seminario de Sociolingüística da RAG. Inédito).

Outra observación complementaria é aquela de que “existen, cunha frecuencia digna de abraio, parellas bilingües onde el fala en galego, mentres ela permanece instalada en español” (Moure 2010, p. 148). O resultado disto sería a eventual muda do varón e, chegado o caso, unha crianza en castelán para as fillas e fillos:

MAL: meu pai si que era galegofalante pero ó casar con miña nai pois... empezou a falar en castelán e a min me criaron en castelán (Gómez 2020, p. 16).

Máis aló do testemuñal e dos datos que amosan maior proclividade cara ao castelán entre as mulleres no conxunto social, o sinalado ata aquí estaría en coherencia cos resultados dos traballos que investigaron de xeito específico as prácticas lingüísticas familiares. Así se expresou no *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*:

Na análise do uso do galego no contexto familiar, é preciso ter en conta que se atoparon diferenzas segundo o xénero, xa que as prácticas lingüísticas en castelán son máis frecuentes nas nais que nos pais, o que é de especial relevancia, dado que os cativos reproducen a lingua materna en maior medida que a paterna (Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021, p. 48).

Os datos obtidos no mesmo proxecto, en conexión con aspectos xa tratados, semellarían amosar un gradiente na presenza do galego na correlación entre pai e

fillo, pai e filla, nai e fillo e nai e filla, sendo esta última parella a que ten relacións máis castelanizadas⁶. Xorden, entón, preguntas sobre o rol diferencial dos pais e das nais no establecemento da lingua familiar e na reprodución lingüística; mais tamén verbo da reprodución dos estereotipos de xénero que afectan ao comportamento lingüístico.

Por outra banda, esta maior correlación entre os usos lingüísticos maternos e o comportamento da proxenie motívase, sen dúbida, no papel central das nais na crianza e na case sempre maior implicación nos coidados tantas veces sinalada. Entrando xa no terreo do que non se di, pero podemos inferir dos testemuños, é frecuente sinalar as nais coma as persoas responsables de tomaren decisións lingüísticas que afectan directamente á educación dos fillos e fillas.

Hai unha situación que eu recordo como moi así que era coa profª. Preguntou como se chamaba o fillo da vaca, “el hijo de la vaca”, e todo el mundo contestou “ternerito” excepto eu que que dixen que era “cucho”. E a señora se dedicou moi amablemente a machacarme en castelán todo lo que puido para que dixera “ternerito”. E eu negueime a dicir “ternerito” porque decía que na miña casa as vacas parían cuchos [risas]. Entón... e negueime. É dicir, e logo ela falou coa miña nai e lle falou da necesidade de que nos falara en castelán porque, pois bueno, o noso proceso de escolarización estaba evidentemente vinculado a iso. Entón o seguinte irmán meu, que naceu anos despois, educárono en castelán (Fragmento de entrevista do corpus propio do Seminario de Sociolingüística da RAG. Inédito).

Parecería así tamén, por exemplo, nos casos nos que as familias deciden introducir unha lingua estranxeira –nomeadamente o inglés– na crianza, onde adoitan ser as nais as que a empregan como lingua de relación⁷ (Vázquez-Grandío 2018, pp. 97 e ss.).

De igual xeito, mais en sentido contrario, os testemuños recollidos apuntan a un rol máis activo das nais no desenvolvemento de políticas activas “pro-galego” na política lingüística familiar (Nandi 2017; Monteagudo, Loreda, Vázquez-Grandío e Nandi 2021). Afondarmos no coñecemento desta posible e probable maior implicación das mulleres no desenvolvemento da política lingüística familiar resulta de enorme interese para unha mellor comprensión dos procesos de transmisión

6 Para unha revisión destes datos, acúdase ao apartado do presente volume no que se trata a información estatística.

7 Isto parecería ser así nos casos en que o inglés é unha lingua aprendida, non nos casos en que un dos proxenitores ten unha lingua estranxeira como lingua primeira.

interxeracional e facilitaría o deseño de accións orientadas á reversión das dinámicas de substitución lingüística.

Por último, e saíndo xa do ámbito familiar, as investigacións poñen cada vez máis de relevo a crecente importancia da socialización secundaria no desenvolvemento do comportamento lingüístico das novas xeracións (Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2020; Monteagudo, Loredó, Vázquez-Grandío e Nandi 2021). Ante isto, cómpre lembrarmos que o sistema educativo é un ámbito profesional feminizado en todos os niveis, o que conflúe coa preeminencia das mulleres en moitas das tarefas relacionadas coa normalización do galego⁸, todo o cal pon o foco sobre o rol do conxunto das mulleres na reprodución lingüística da sociedade.

3.2. As diferenzas no comportamento lingüístico: a predisposición á converxencia e á muda

Nos grupos informais da vida social (assembleas de veciños, reunións do profesorado dun centro educativo ou intercambios lingüísticos en tendas e comercios) obsérvase que con frecuencia os homes falan galego en maior medida ca as mulleres de semellante condición social, ou cando menos que os homes contestan en galego de nos dirixirmos a eles nesa lingua en maior grao ca as mulleres (Moure 2010, p. 148).

Tal como se veu sinalando, a percepción habitual de que as mulleres falan menos galego é coherente cos datos que temos sobre lingua primeira e lingua habitual dende que existen estudos estatísticos. Así e todo, descoñecemos se a estreita distancia que describen estes traballos se corresponde coa intensidade dalgunhas das impresións transmitidas polos falantes. Aínda considerando outros indicadores, por exemplo relacionados coas pautas de acomodación, as actitudes ou o cambio lingüístico, seguiríamos a precisar de información que nos explique como se dan, na práctica, as situacións que sustentan estas opinións.

A *teoría da acomodación* procura a descrición e a explicación dos efectos do contexto e os interlocutores no propio comportamento lingüístico. A converxencia sería, neste marco, a estratexia de adaptación da fala propia –o rexistro, a entoación, o vocabulario etc.– á da persoa coa que dialogamos (Giles, Coupland e Coupland

8 Sendo xustos, poderíamos acusar unha fenda entre o masculinizado da planificación lingüística nos niveis superiores –políticos, académicos e administrativos– e o feminizado da súa posta en práctica sobre o terreo.

1991). Nas situacións de contacto lingüístico, coma ocorre en Galicia, denominamos tamén deste xeito o acto de mudar a lingua habitual propia para situarse na do outro. Trátase dun fenómeno complexo que responde a convencionalismos sociais e culturais e presenta unha gran variedade de motivacións simbólicas e materiais que non pretendemos expoñer neste apartado –recomendamos consultar para isto o citado volume de Giles et al. (1991)– mais podemos resumir a cuestión na idea de que, fronte á diverxencia, esta estratexia foi xeralmente caracterizada como un acto de achegamento, como unha procura de mellorar a impresión transmitida e, moi habitualmente, unha pauta de cortesía.

Na sociolingüística galega esta idea da cortesía é xa un lugar común, moi especialmente nos traballos baseados en entrevistas. Podemos dicir, entón, que entre as galegas e galegos continúa a estar moi espallada a percepción de que adaptarse á lingua do interlocutor é unha cuestión de *boa educación* (Iglesias 2002; Seminario de Sociolingüística, RAG 2003; Formoso 2013; Álvarez Blanco coord. 2017). Por outra banda, é ben sabido tamén que os procesos de acomodación lingüística teñen, na práctica, un saldo claramente positivo para o castelán que, de primeiras, non sería consistente coa pauta da educación. Boa parte dos falantes, conscientes disto, atopan distintas explicacións. Polo xeral, considérase que o castelán é a lingua común e por iso sería esixible o seu uso en maior medida (Álvarez Blanco coord. 2017, p. 56).

Nos traballos cualitativos, o xénero emerxe como un elemento explicativo das diferenzas nos procesos de acomodación lingüística, se ben con efectos distintos dependendo das circunstancias. Por exemplo, a converxencia cara ao rexistro dunha persoa pode ser un acto de boa educación; mais, pola contra, noutra situación a diverxencia pode ser unha estratexia para salientar a diferenza de xénero, adoptando un rexistro que se considera máis feminino ou masculino fronte ao dun interlocutor de sexo oposto (véx. Giles, Coupland e Coupland 1991, p. 33-34).

De acordo con isto, poderíamos intuír que a converxencia cara ao castelán como acto cortés podería ser unha práctica favorecida entre as mulleres, sometidas a un maior control das actitudes e maneiras (cf.: Holmes 1995)⁹:

Se un chico fala gallego, pásaselle, pero se a chica fala gallego i si aínda por riba solta un taco, daquela: da montaña pa riba polo menos! Pero eso no fondo eu creo que é machismo.

9 Partindo de observacións coma estas, Teresa Moure vai máis aló e formula a hipótese de se a desgaleguización estaría a ter un impacto maior nas mulleres favorecida pola procura dun ideal de cortesía que sentirían contradictorio co emprego da lingua galega (Moure 2010: 149).

Meu abuelo sempre falou ghallego coma min pero se ti o querías cabrear o peor que lle podía pasar era que el oíra alghunha muller decir palabrotas. A un home era ighual, que el tamén xuraba. Pero se oía unha muller, enfadábase sempre, decía que era unha maleducada. E dun home non decía nada, que el tamén xuraba sempre. El decía: «Esa rapaza é máis maleducada... si soupera que ben lle queda...!!» (González e Seoane 2010, p. 71).

Isto explicaría parcialmente a maior predisposición das mulleres á converxencia cara ao castelán e complementaría o esclarecemento de por que é maior que cara ao galego en ambos os dous xéneros. Con todo, quedaría por vermos por que os homes serían máis proclives á converxencia en galego, mentres as mulleres son máis remisas (Álvarez Blanco coord. 2017, p. 79).

Volvendo ás estratexias de diverxencia introducidas máis arriba, podemos pensar de novo nas ideas e actitudes que asocian en maior grao o castelán co ideal de feminidade:

Como che teño que falar, en gallego ou en castellano? Porque se a cousa é fina fáloche dunha maneira e se non o é, fáloche doutra (González e Seoane 2010, p. 70).

Eu tamén vivo nunha aldea, pero de tódalas rapazas da miña quinta, rapaces eran poucos, eran dous, que xa non se contan, o sábado pola noite a lingua para todos era o castelán. Entón eso é o que a min, era unha cousa que a min realmente... (5gm69).

Co galego non se liga (5gh67).

[...] nós estábamos alí as dúas falando unha coa outra, e se viña un rapaz así guapetón, falaba castelán (5gm69).

(Seminario de Sociolingüística, RAG 2003, p. 125).

Empregar o castelán pode percibirse como un modo de reforzar a impresión de sofisticación transmitida, do mesmo xeito que evitar o emprego do galego pode ser unha estratexia para non ser caracterizada da maneira oposta:

OL: A min o que me molestaba sobre todo era cando alguén me falaba en galego, falarlle en castelán. Pero claro, se estaba con máis xente eu sempre falaba en castelán. Supostamente non lle ía falar en galego porque ademais dábame moita vergonza. (Rodríguez Carnota 2022, p. 66).

No caso contrario, este tipo de prexuízos non só non afectarían no mesmo grao aos varóns, facilitando a posta en xogo de actitudes de converxencia baseadas na cortesía tamén para o galego, senón que mesmo poderían empurrar, en certos contextos, ao emprego desta lingua como xeito de reforzaren a súa masculinidade:

A informante [...] conta como ás veces é vítima dos estereotipos que pesan sobre os castelanfalantes polo uso da lingua que, nese contexto, está marcada:

Pilar: *y la gente me dice porque eres una pija [=eres una niña de papá y no sé que= y yo no y yo hablo castellano y simplemente por hablar castellano soy todo eso entiendes? [...]*

Pilar: *bueno tanto a mí como a mis hermanos nos enseñaron desde pequeños en castellano. Mis hermanos hablan gallego y yo hablo castellano, dentro de casa hablamos todos castellano pero de la puerta para fuera mis hermanos hablan gallego y yo hablo castellano, pero porque mis hermanos andan con gente que habla gallego y mis amigas de toda la vida hablan castellano, es así, yo me acostumbré a hablar castellano.*

(Formoso 2013, pp. 47-48).

Outra hipótese que cómpre considerarmos xorde da observación de que os castelanfalantes se adaptan en menor medida por mor dunhas peores competencias bilingües. Así, a converxencia suporía para eles un esforzo maior que para as persoas que falan galego, normalmente proclives a facela no sentido contrario (Iglesias 2002, pp. 163 e ss.). Trátase dunha visión ata certo punto realista, xa que coincide co que nos din as avaliacións das competencias bilingües, sistematicamente máis elevadas entre a poboación que ten o galego como lingua principal (Silva 2010; Loredó e Silva, coord. 2020).

Ao respecto desta cuestión, algúns traballos cualitativos quixeron ver diferenzas de xénero, por exemplo cando se di: “que as nenas falan máis castelán porque elas non saben expresarse en galego e aínda que lles fales en galego, contestan máis en castelán” (Monteagudo e Bouzada 2002, p. 224).

En principio isto non se correspondería co que sinalan os mencionados traballos de competencias, xa que actualmente as mulleres acadan obxectivamente mellores resultados en todos os niveis comunicativos (Loredó e Silva 2020, p. 145). Así e todo, nos datos desagregados deste traballo non atopamos o caso particular das competencias orais das rapazas castelanfalantes, que sostería a hipótese en maior medida.

Por outra banda, para explicarmos a conduta resultarían seguramente máis relevantes as competencias autopercibidas e a percepción da autoeficacia ca aquelas avaliadas de xeito obxectivo¹⁰, porén non contamos ata o de agora con datos no nivel de especificidade preciso sobre este punto.

10 Respecto a isto, numerosos informes e traballos teñen salientado a tendencia das mulleres a obter mellores rendementos académicos en todas as disciplinas. Asemade, sabemos que lamentablemente isto non se corresponde necesariamente coa valoración, propia ou allea, destas capacidades.

Sexa como for, a cuestión da predisposición ao emprego dunha ou outra lingua é importante dende o punto de vista da normalización lingüística, especialmente se esta estivese vencellada ás competencias, xa que o carácter de oficialidade dunha lingua implica que o seu dominio sexa unha condición para o acceso en igualdade aos espazos públicos nos que é vehicular.

Poñendo un exemplo do sistema educativo, apoiándose en antecedentes coma os comentados, Vázquez-Grandío recollía (2018, p. 105):

[Unha nena] comeza a falar en castelán e [un compañeiro] córtaa con ton burlón dicindo “*en galego, por favor*”. [A profesora] dille: “*se non lle sae, non lle sae*”. (Nota de campo)

–*Acábame de falar en galego!* –exclama un alumno, sorprendido pola súa compañeira castelanfalante, que nunca intervén na clase.

–*Moi ben! Ai estamos, vamos!* –anímaa a profesora ríndose¹¹.

(Actividade grupal con 1º de BAC, colexio privado).

O autor exemplifica, así, a súa impresión de que as rapazas non só evitaban converxer en maior medida coa lingua do profesorado galegofalante, senón que as súas intervencións semellaban ser menos frecuentes nas materias en galego, especialmente na secundaria e o bacharelato. Deste xeito, apúntase a posibilidade de que unha baixa autoconfianza no emprego do galego ou do castelán puidese chegar a reforzar as dinámicas de retracción das rapazas na adolescencia identificadas pola investigación feminista (Vázquez-Grandío 2018, p. 104-106).

Para rematarmos coas competencias, quedaría preguntarse polo seu efecto no proceso inverso: a converxencia cara ao castelán. Respecto a isto, seguramente poídamos dicir que na actualidade, máis aló de facilitala, xogan un papel moi reducido. Isto sería así xa que, como se comentou antes, as persoas galegofalantes son, a día de hoxe, bilingües. Quizais procedería cuestionarse se as destrezas acadadas, levemente menores entre os rapaces ca entre as rapazas, poderían contribuír nalgúns casos a unha maior resistencia á acomodación por parte dos varóns:

Manuel: (ri) *castellano a verdá é que non se me dá nada ben, eu cando falo castellano, mimadriña, non falo case nunca castellano a verdá <...> na clase de castellano* (Formoso 2013, p. 47).

11 A narración (non a transcripción das intervencións orais) é tradución nosa dende o castelán.

Porén, quizais poderían ser máis significativas na explicación de condutas de xeracións anteriores ou noutros momentos históricos. Neste caso, xorde a hipótese de que no pasado, en especial antes da educación universal, os homes poderían ter unha maior facilidade para aprenderen o castelán pola súa participación da vida pública, mentres as mulleres atoparían menos oportunidades de emprego, por mor dun maior confinamento ao ámbito doméstico. Explicacións nesta liña serían consistentes con algunhas tendencias detectadas nas series históricas e que se exporán máis adiante neste mesmo volume.

Ata o momento viñemos falando de eventuais diferenzas nas pautas de acomodación entre homes e mulleres e das implicacións que estas poden ter. Como fica explicado, a acomodación é entendida como un acto circunstancial de adaptación ao contexto comunicativo. Cómpre pasar, agora, a falarmos dos procesos de cambio de lingua habitual como acto individual perdurable no tempo, tamén referidos na bibliografía como “mudas lingüísticas” (Pujolar, González e Martínez 2010). O abandono do galego ou desgaleguización é un fenómeno analizado con frecuencia na sociolingüística galega, pois cando este se perpetúa no tempo considérase unha dinámica central do proceso de substitución lingüística (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016). No caso oposto, as dinámicas de regaleguización e neofalantismo, aínda que moito menos comúns¹², son tamén obxecto dunha atención cada vez maior, pola necesidade crecente de incorporarmos novos falantes á lingua e polo valor destes como minoría activa, ao seren falantes comprometidos e cunha ideoloxía moi desenvolvida (O’Rourke e Ramallo 2015).

As investigacións da “muda lingüística” descubriron que estes procesos están habitualmente asociados a puntos de inflexión no ciclo vital, ancorados en cambios de etapa, en desprazamentos territoriais, nas alteracións provocadas nas redes sociais ou na transformación dos obxectivos e xeitos de ver a vida (Pujolar, González e Martínez 2010; Gómez 2020). No caso galego, a educación formal –cos seus cambios de etapa, desprazamentos territoriais e alteracións das redes sociais– viuse como un contexto central do cambio en ambas as dúas direccións, destacando, especialmente, o efecto do paso pola escolarización obrigatoria na desgaleguización das nenas e nenos (Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021). Tamén se teñen apuntado a chegada ao ensino secundario e, en maior grao, o comezo da etapa universitaria

12 Con datos do 2016, mentres o primeiro proceso representaría unha forza do 6,7 % ao 20 % da poboación, baixo a segunda etiqueta apenas poderíamos identificar o 1,8 % dos galegos e galegas (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, p. 114).

como momentos de oportunidade para a regaleguización e o neofalantismo (Gómez 2020).

Os traballos cualitativos ilustraron con frecuencia estes episodios nas biografías lingüísticas dos e das falantes, sinalando tamén as motivacións que os axentes lles dan: a adaptación ao contexto, a integración no grupo de pares e o medo ao rexeitamento para a desgaleguización; a reflexión da madurez, o apoderamento e a reivindicación da orixe ou a significación política detrás da regaleguización e o neofalantismo (O'Rourke e Ramallo 2015).

Na liña do exposto anteriormente, preguntámonos se homes ou mulleres son máis ou menos proclives ao cambio lingüístico e, de ser así, se existen diferenzas de xénero na dirección do mesmo. Apoiándonos de novo nas tendencias que favorecen o uso do castelán entre as mulleres, podemos supor que as galegofalantes se castelanzarían en maior medida ca os varóns. O certo é que cara a isto apuntarían diversos traballos (Suárez 2010; Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016).

Unha explicación podería ser o maior impacto das actitudes lingüísticas negativas sobre elas, o que faría que empregar o galego supoña un maior obstáculo para a integración das rapazas en determinados contextos. As relacións entre cambio e discriminación lingüística son analizadas en profundidade por Rodríguez Carnota, aínda que o autor só trata o xénero de maneira tanxencial. Porén, atendendo á súa mostra de entrevistas, podemos ver que as persoas que abandonaron o galego durante a escolarización infantil e primaria foron rapazas, e de feito todas as galegofalantes remataron por facelo (Rodríguez Carnota 2022, p. 58):

AN *Naquel tempo sempre falaba en galego, ata que certo día canseime de que a xente me mirara, entre comiñas, de maneira rara. E dixen eu: Bueno, pois xa que case todo o mundo fala en castelán, pois vou tratar de integrarme* (Rodríguez Carnota 2022, p. 182).

AN *Cando falaba con eles (os pares) e cando formaba unha amizade, entre comiñas e por así dicilo, pois naqueles casos falaba en privado case sempre o castelán. Na maioría dos casos empreguei o castelán porque por un lado seguía o tema dese medo do que pensasen sobre min* (Rodríguez Carnota 2022, p. 183).

Polo contrario, os testemuños dos dous varóns galegofalantes entrevistados apuntan a que, ou ben non foron obxecto da mesma presión contextual, ou ben non lle deron a mesma relevancia:

AM [Había] *non hostilidade, pero si un rexeitamento. E quizais incluso algunha burla. E chamáronme moitas veces Falagalego. Penso que os compañeiros propios da miña clase, non. Pero outros que non me tiñan tan próximo, si. Pero bueno, tampouco me afectaba moitísimo. [...]*

(Rodríguez Carnota 2022, p. 71).

X *No, a ver. Estabamos xogando ao fútbol e... eu que sei (facía) unha falta ou algo e (dicían): “Bah, non sei que, gallego, non sei que”. E eu (respondía): “Vale, ti non naciches en Galicia, tampouco?” Pero non é que recorde así moitos problemas con alumnos. Para nada. Igual tiven sorte, porque outros si que... A miña irmá, por exemplo, creo que o pasou bastante peor.*

EN *De meterse con ela, ou algo?*

UX *Non sei se de meterse con ela ou de xa non atreverse nin a falar [en galego].*

(Rodríguez Carnota 2022, p. 75).

Desde o punto de vista do autor, malia que estes varóns narran que foron obxecto de episodios de mofa ou presión dos pares, tratan de relativizar ou “quitar ferro” a estes sucesos (Rodríguez Carnota 2022, p. 75). Isto lévanos a nos preguntar se a construción cultural da masculinidade leva aparelada orientacións que favorezan unha maior capacidade de resiliencia reflectíndose nunha maior aptitude dos homes para resistir a presión lingüística:

A converxencia das falantes do galego parece máis fácil de incitar cá dos falantes, así como se mostran máis predispostas a realizar un cambio lingüístico se a contorna o favorece, mentres eles son máis reticentes e sempre o condicionan:

Dúas alumnas de 4º da ESO do colexio rural comentan o idioma no que cren que se desenvolverán cando se cambien ao instituto de Lugo, o próximo curso:

—*Sinceramente castelán...*

—*Eu creo que me vai saír castelán... a min saíríame...*

—*A min con eles [cos compañeiros lugueses] si... pero só con eles* —matiza un compañeiro¹³.

Á vez, isto podería estar relacionado con que as estudantes parecen máis preocupadas polas actitudes lingüísticas dos seus compañeiros, mentres os varóns se mostran máis desinteresados.

(Vázquez-Grandío 2018, p. 104).

13 Pouco antes, no mesmo grupo, este e outros compañeiros negaban categoricamente que se fose dar o caso. Só despois de escoitar os argumentos das súas compañeiras mudaron a postura.

Nesta conversa, nun grupo de discusión que tivo lugar na última semana de curso, o alumnado de 4º da ESO dun colexio rural reflexionaba sobre o que lles agardaría o ano seguinte no instituto de Lugo. As rapazas, baseándose nas súas experiencias previas e nas dos seus coñecidos e coñecidas, imaxinaban este contexto completamente castelanizado. Asemade, declaraban unha predisposición case total ao cambio, xustificándoa na adaptación ao contexto. Pola contra, os rapaces participantes distanciábanse na concepción deste contexto futuro no que, segundo eles, habería “de todo” –clases nas dúas linguas e rapazada que falase os dous idiomas– e rexeitaban a muda lingüística, rebaixándoa a unha posible converxencia puntual moito máis condicionada.

Resumindo, podemos dicir que certamente existen indicios que apuntarían a unha maior disposición ao cambio cara ao castelán entre as mulleres, condicionada por prexuízos de xénero. Mais cómpre preguntarse, daquela, se isto leva aparelado o oposto para o galego –unha menor predisposición ao cambio cara a el– ou se trata simplemente dunha maior facilidade para o cambio lingüístico en si mesmo, con independencia da lingua de destino.

Na bibliografía hai impresións recollidas, ben sobre persoas neofalantes, ben sobre regaleguizadas, que poderían apuntar cara a unha feminización dos procesos de muda, tamén en favor do galego (Vázquez-Grandío 2018, p. 104). Isto parecería inferirse tamén das mostras e casos que presentan a maioría dos proxectos de referencia neste apartado, aínda que non sexa comentado nos textos. De xeito hipotético poderíase vencellar coa relación entre o neofalantismo e outros movementos sociais reivindicativos, como o ecoloxismo ou o mesmo feminismo (O’Rourke e Ramallo 2015), as diferenzas na orientación política de homes e mulleres –como a maior preocupación polas políticas de benestar e a igualdade–, ou a participación máis activa nas actividades cooperativas e de coidado mutuo. Porén, a falta dunha análise estatística significativa impídenos levarmos estes asertos máis alá da condición de hipótese.

Alguns aspectos das mostras dos traballos cualitativos poderían explicar por si mesmos estas distorsións. Primeiramente, pola propia sobrerrepresentación das e dos neofalantes respecto ao seu peso demográfico real. Dado que os proxectos procuran obter a maior diversidade de puntos de vista posibles, é habitual facer as mostras considerando, entre outras cuestións, as configuracións posibles entre lingua habitual e lingua inicial, dándolles unha meirande visibilidade. Porén, de acordo cos datos cos que contamos na actualidade, os neofalantes e as neofalantes representan escasamente o 2 % do total da poboación (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016, p. 256). Por

outra banda, os ambientes escolares e académicos, obxecto ou fonte de informantes de moitos destes traballos, son contextos feminizados en varios niveis, e en especial nos seus cadros profesionais. O mesmo acontece cando pensamos no ámbito profesional da filoloxía ou das letras en xeral, ao que pertencen a maioría de investigadoras e investigadores. Unha maior presenza das mulleres no grupo das persoas autorrecoñecidas como castelanfalantes iniciais faría agardar unha desproporción equivalente no grupo das e dos novos falantes de galego, sen que iso implique unha maior predisposición xeral ao cambio.

Con todo, concordando no valor cualitativo outorgado a estes e estas neofalantes comprometidos comentado anteriormente, consideramos esencial considerarmos a variable xénero en futuras investigacións e na adopción de políticas lingüísticas orientadas á normalización da lingua galega.

3.3. Prexuízos e actitudes lingüísticas das e cara ás mulleres

Rematamos este capítulo falando das actitudes lingüísticas e os prexuízos cara ás persoas galegofalantes: como varían segundo o xénero do emisor e como afectan de xeito distinto ao seu comportamento. Xa nos apartados anteriores vimos que existían criterios estéticos e valorativos para cada lingua e os seus falantes que se vencellaban a diferenzas nos procesos de transmisión e no comportamento lingüístico dos homes e as mulleres. Por iso, consideramos as actitudes e os prexuízos lingüísticos un elemento transversal das desigualdades de xénero neste terreo.

As actitudes explícitas e os prexuízos estudáronse de xeito diverso na sociolingüística galega, tanto dende o punto de vista estatístico coma dende a análise discursiva e ideolóxica (Seminario de Sociolingüística, RAG 1996, 2011). Todos os traballos coinciden nos aspectos centrais, que poderíamos resumir na asociación da lingua galega á ruralidade, a un baixo nivel económico e cultural, e, agora, tamén á xente de maior idade. Por outra banda, coa posta en marcha do proceso de normalización atopamos a aparición doutros novos prexuízos, que sitúan o galego como un idioma marcado: artificial, politizado, imposto... (Freixeiro 2009). Porén, estes traballos adoitaron centrarse, sobre todo, nas actitudes cara ao código ou ao rexistro e non tanto cara ás persoas que o empregan, polo que non clarifican a cuestión de xénero: se se aplican igual ou na mesma intensidade ou se producen os mesmos efectos nas e nos falantes.

O galego segundo a mocidade, o único traballo que, ata o momento, tratou de facer unha medición das actitudes lingüísticas implícitas en Galicia, constitúe unha excepción. Mediante unha técnica experimental, chamada *matched-guise*, ou técnica de máscaras, na que se expuña as persoas participantes a distintos estímulos visuais e auditivos, a investigación foi capaz de identificar as variables principais sobre as que se artellan as desiguais valoracións dos falantes. O que se atopou foi que as ideas e prexuízos postos en xogo nos xuízos dependían, fundamentalmente, de dous factores: “o acento” e “o sexo” da persoa que fala (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003, p. 67).

Estes marcadores establecían diferenzas estéticas e valorativas –as persoas castelanfalantes ou con acento castelán percibíanse como máis atractivas, intelixentes, innovadoras e cultas– ao tempo que se empregaban para prexulgar o *status* socioeconómico. Naqueles indicadores que tiñan que ver co éxito social e profesional, era onde as mulleres saían peor paradas, penalizando, con maior intensidade, ás galegofalantes. Por exemplo, se todas elas eran peor valoradas profesionalmente ca os homes co mesmo acento, as mulleres galegofalantes eran as que se situaban no chanzo máis baixo, ao imaxinalas como amas de casa ou desempregadas (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003, pp. 65 e ss.).

No tocante ás valoracións positivas, presentaron unha visión dunha muller galegofalante ancorada na tradición: fiel, xenerosa, traballadora, orgullosa e de confianza (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003, pp. 65 e ss.). Como vemos, seguramente boa parte dos procesos dos que vimos falando ata o de agora poderían explicarse intuitivamente baseándonos só nestas achegas.

Entre os traballos de corte cualitativo que aquí revisamos, as actitudes e os prexuízos –así como os discursos e argumentos que os sosteñen– foron, se non o principal, un obxecto central de todos eles. Como fomos vendo, as súas descricións complementan o coñecemento non só do que a xente pensa sobre as linguas, senón de como isto afecta ás persoas que as empregan. Os traballos de Iglesias (2002, 2007) confirmaron esta asociación do galego coa ruralidade e as clases populares tamén nas actitudes explícitas, identificaron e describiron novos prexuízos e debullaron unha xerarquización valorativa das linguas e os seus falantes que media as decisións lingüísticas. Traballos coma o de Formoso (2013) ou o de Rodríguez Carnota (2022) ilustraron o conflito e a discriminación, puxeron no centro o “estigma” que as persoas galegofalantes experimentan no seu día a día e relacionárono co seu comportamento lingüístico. Emporiso, máis aló de observacións puntuais, nin estes nin outros traballos afondaron de xeito específico nas diferenzas entre homes e mulleres, nin

nos prexuízos sufridos nin na maneira de experimentalos ou os seus efectos sobre o comportamento.

Isto contrasta co recollido no monográfico *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos* (Mosquera 2010), xa que os prexuízos e actitudes cara ás mulleres galegofalantes foron o tema de todos os traballos sociolingüísticos do volume, salvo o de Suárez (2010), centrado nos datos de uso.

Coincidindo co detectado mediante a técnica de máscaras, o texto de González Veira e Seoane Bouzas (2010) salienta o compoñente estético atribuído ás linguas en contacto, que afasta o galego do ideal de feminidade. As autoras motivan nisto a presión social para adoptaren a lingua castelá, facendo énfase, tamén, na influencia exercida por outras mulleres. Isto estaría, de novo, en consonancia con *O galego segundo a mocidade*, no que se apuntaba que as mulleres eran as que valoraban peor as persoas galegofalantes (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003).

García Negro e Moure centran, pola súa parte, cadanseu texto na cuestión da dobre discriminación: como mulleres e como galegofalantes. Poderíamos dicir que ambas as dúas autoras adiantan aquí, sen mencionala, a idea de *interseccionalidade*, unha ferramenta chave da teoría feminista para a análise crítica das relacións de poder. Baixo este concepto, a feminista, teórica e activista afroamericana Kimberle Crenshaw (1991) describiu como as formas de discriminación non explican de seu, de xeito illado, as situacións de exclusión, senón en confluencia e de maneira conxunta, dependendo dos contextos.

No seu caso o concepto serviulle para describir as sinerxías entre as categorías raciais e o xénero, mais considerámolo moi acaído tamén para a análise das relacións lingüísticas e, como as autoras antes mencionadas, situamos nesta condición a chave das diferenzas no comportamento lingüístico entre xéneros. O maior escrutinio social do seu comportamento exacerba os prexuízos cando estes xulgan e se proxectan sobre unha muller. Asemade, o maior esforzo requirido para a medra persoal e o perigo sempre presente de perder dereitos recentes e pouco asentados seguramente faga moitas mulleres máis flexibles ás esixencias da sociedade e dos mercados, e menos proclives a asumiren riscos innecesarios como pagaren o “imposto de coloquialidade” da lingua galega (Sanmartín 2009; en Moure 2010, pp. 163) ou sufriren os prexuízos que afectan aos seus falantes (Moure 2010; García Negro 2010).

4. A muller na sociedade galega

A capacidade lingüística é un dos atributos que distingue os humanos doutras especies. A lingua caracterízase pola súa natureza intrinsecamente social, en tanto que ferramenta para a comunicación e instrumento capaz de diferenciar grupos. Este feito puxo de relevo a necesidade de prestar atención ao compoñente social da lingua. Logo da creba do paradigma estruturalista, que se enfocara na descrición exhaustiva do código nas súas relacións sistémicas, o posestruturalismo deu paso a unha perspectiva pragmática na que se atendía prioritariamente ao funcionamento do signo no seo da sociedade e ás relacións do código cos seus usuarios. Tomouse, así, conciencia da relación existente entre lingua e sociedade xunto coa importancia da primeira para o desenvolvemento social. Dende o ámbito da lingüística, e como consecuencia do desenvolvemento da pragmática, a lingüística textual e a análise do discurso, fíxose evidente que estudar un idioma sen conectalo coa sociedade na que se insire carecía de sentido ou era, en todo caso, un camiño que esgotara xa as súas posibilidades. Produciuse, así, un auténtico cambio de paradigma no eido da lingüística que permitiu agromar, en plenitude, a sociolingüística.


Esta disciplina xurdiu, pois, da necesidade de estudarmos a relación entre os idiomas e o seu contexto social. O obxecto de análise é a interseccionalidade entre a lingua e os factores derivados das diferentes situacións de uso, tales como a idade, o xénero, a orixe étnica, a clase social ou o tipo de educación recibida polos interlocutores, así como a relación que existe entre eles, ou o tempo e o lugar en que se produce a comunicación lingüística. Este traballo parte da premisa da necesidade de afondarmos na interseccionalidade entre a lingua e o xénero, entre as actitudes lingüísticas e o funcionamento da construción cultural do mesmo, entre os prexuízos que afectan ás linguas e os que condicionan a construción da identidade de xénero no noso contexto.

Os datos achegados por diferentes indicadores permiten constatar a persistencia da fenda de xénero. Tomaremos como referencia os datos do Instituto Europeo da Igualdade de Xénero (EIGE), que construíu un índice que permite medir os avances na igualdade de xénero na UE ao longo do tempo como unha ferramenta importante

para a elaboración de políticas comunitarias. Este modelo outorga, cada ano, unha puntuación de 1 a 100 aos Estados membros, correspondendo a puntuación 100 á plena igualdade (véx. Figura 4).

As puntuacións baséanse nas fendas entre mulleres e homes en seis dimensións principais: traballo, cartos, coñecemento, tempo, poder e saúde, así como nas súas subdimensións¹. Con 74,6 puntos sobre 100, o Estado español ocupa o sexto lugar da UE neste índice, cunha puntuación 6 puntos superior á media da UE. Dende 2010, a puntuación de España mellorou en 8,2 puntos e a súa clasificación subiu un posto. A puntuación no ámbito da saúde atópase entre as mellores da UE. A desigualdade de xénero é máis acusada no factor tempo (64 puntos) e a maior fenda atópase no subdominio de actividades sociais, no que o Estado español obtén 55 puntos e ocupa o posto 16 entre os Estados membros (véx. Figura 5).


Figura 4. Índice de igualdade de xénero para o estado español en 2020.



Fonte: Adaptación propia do Instituto Europeo da Igualdade de Xénero (EIGE) Índice de Igualdade de Xénero de oscila entre 0 e 100.

Estes indicadores retratan dun xeito moi claro a existencia dunha fenda de xénero global á que, malia a evolución positiva, o Estado español non se subtrae. A continuación mencionaremos algúns dos datos referentes á fenda de xénero referidos á sociedade galega.

1 Para máis información véxase <https://eige.europa.eu/>.

Figura 5. Evolución do índice de igualdade de xénero para o estado español nos diferentes dominios.

Fonte: Adaptación propia do Instituto Europeo da Igualdade de Xénero (EIGE) Índice de Igualdade de Xénero que oscila entre 0 e 100.

4.1. Evolución da poboación galega entre 1900-2022 e estimación cara a 2031

O mes de novembro de 2022 a poboación mundial acadou os 8000 millóns de persoas e estímase que nos anos oitenta podería acadar os 10 800. A mediados do século pasado a poboación mundial estimada era de arredor de 2500 millóns de persoas. O país máis poboado é China, con 1 460 000 000 de persoas (18,11 % da poboación), seguido pola India con 1 428 000 000 (17,72 % da poboación)².


O número de mulleres sitúase actualmente nuns 3 995 499 200 de persoas, sendo a porcentaxe de mulleres sobre a poboación total de 49,5 % [contador, 14:39; 03/03/2023]. Estes resultado indican que o número de mulleres a nivel mundial é menor ca o dos homes.

Trasladando as análises precedentes a Galicia –e realizando unha análise do desenvolvemento da poboación galega e española dende principios do século pasado ata a segunda década do século en curso– obsérvase como o número de galegos e

2 Contador mundial <https://www.worldometers.info/es/> [Consultado o 28 de febreiro de 2023]; <https://countrymeters.info/es/World> [Consultado o 28 de febreiro de 2023].

galegas foi aumentando progresivamente ata acadaren un máximo na década dos oitenta (2 811 942 persoas), cando experimentou un punto de inflexión e comezou a decrecer. En 2022 o número de galegos e galegas era de 2 691 456, o que deita un retroceso superior ás 120 000 persoas respecto a ese máximo. As estimacións indican que, probablemente, cara a 2031 ese retroceso ascenda a 122 000 persoas. No conxunto do Estado a poboación aumentou dende 1900 en 28 600 000 persoas e estímase que cara a 2031 o tamaño do incremento chegue aos 32 000 000 de habitantes (Figura 6).


Figura 6. Evolución da poboación de España e Galicia dende 1900 a 2022 e estimación a 2031.



Fonte: Elaboración propia dos datos do INE. *Censos de Poboación y viviendas 1900-2011 e Padrón Municipal de Habitantes 2016, 2022 e 2031.*

4.2. O número de mulleres é superior ao dos homes en Galicia?

O número de habitantes en Galicia contabilizado en 2021, como vimos no apartado anterior, acada a cifra dos 2 695 645 persoas, sendo a cifra de mulleres de 1 398 344 (51,87 %) e a dos homes 1 297 301 (48,13 %), polo que podemos falar de 100 000 mulleres residentes máis ca homes (Figura 7). Este resultado pode facernos reflexionar sobre como a existencia de diferenzas porcentuais escasas en grandes mostras (3,74 %) pode implicar diferenzas importantes cando falamos de unidades. Por outra banda, obsérvase como a distribución da poboación segundo o xénero en Galicia difire dos datos obtidos a nivel mundial.

Figura 7. Distribución do número de mulleres e homes en Galicia. 2021.

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes de 2021. Data de referencia dos datos é o 1 de xaneiro.


En moitos países o número relativo de mulleres é inferior nas áreas rurais, mentres que nas áreas urbanas é superior ao 50 %. Este índice é un indicador demográfico que expresa a razón de mulleres por homes nun determinado territorio, expresado en tanto por cento. A fórmula utilizada para calcular este indicador demográfico é:

$$I_{femin} = 100 * \text{mulleres/homes}$$

Atendendo á evolución do indicador demográfico en Galicia (Figura 8), obsérvase como na segunda década do século en curso se constata unha superioridade porcentual no número de mulleres fronte ao de homes (2020: 107,81 %), tendencia que se mantén dende principios de século (2001: 108,16 %).


Nas seguintes figuras emprégase o formato de pirámide poboacional para expresar a distribución da poboación galega en 2021, utilizando como criterios a idade e o xénero coa finalidade de retratar o perfil demográfico galego. Os datos comezan a deixar claro como as mulleres son maioría a partir dos corenta anos (40-44 anos). Este desequilibrio na proporción vaise incrementando a medida que aumenta a idade (Figura 9). Pola contra, nos nacementos a proporción invertease, pois o número de nenos que nacen é maior ca o número de nenas.

Figura 8. Evolución do número de mulleres e homes en Galicia. Evolución do índice de feminidade, 1999-2020.



Fonte: IGE/INE. Movimiento natural de la población; INE. Cifras de población. Data de referencia dos datos é o 1 de xaneiro.

Figura 9. Distribución das mulleres e homes por idade da poboación galega en 2021.




Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes de 2021.

4.3. O índice de mortalidade entre homes e mulleres vai aproximándose?

Prestando agora atención ao índice demográfico de mortalidade en Galicia, obsérvase como, a primeiros de século, a diferenza neste dato por xénero era dun 1,3 (2002), mentres que, na segunda década, a distancia entre os homes e mulleres reduciuse á metade: 0,6 (2020). En definitiva, conséntase un lixeiro aumento da taxa de mortalidade ao longo do século en curso, mentres que se reduce a diferenza no índice de mortalidade entre homes e mulleres (Figura 10).

Figura 10. Evolución da taxa de mortalidade³ por xénero da poboación galega (2002-2020).




Fonte: IGE/INE. Movimiento natural de la población; INE. Cifras de población.
Data de referencia dos datos é o 1 de xaneiro.

3 *Taxa de mortalidade:* Número de defuncións por cada 1 000 habitantes.

4.4. As mulleres acadan un maior nivel educativo ca os homes?

Analizando a evolución da *taxa bruta de alumnado que se gradúa na ESO*, atopamos que, en 2016, se graduou na ESO o 89,1 % das mulleres, fronte ao 76 % dos homes. En 2020 graduouse o 92,3 % das mulleres e o 83,7 % dos homes, o que deita unha diferenza dun 8,6 % na taxa bruta do alumnado que acada este título. En definitiva, as mulleres presentan unha menor taxa de fracaso educativo e abandono escolar temperán ca os homes, malia que a diferenza por xénero se reduza co transcurso dos anos (Figura 11).

Figura 11. Evolución da taxa bruta do alumnado⁴ que se gradúa na ESO por xénero (2016-2020).




Fonte: IGE/INE. Movimiento natural de la población; INE. Cifras de población. Data de referencia dos datos é o 1 de xaneiro.

4 *Taxa bruta do alumnado que se gradúa na ESO:* calcúlase como a relación entre o alumnado que remata os estudos que se citan, independentemente da súa idade, coa poboación total da idade teórica de comezo do último curso de ensino.

4.5. As mulleres teñen máis dificultades para atoparen traballo ca os homes?

Analizando a actividade económica segundo o xénero pode constatar-se que existe unha maior taxa de inactividade nas mulleres (638,2 %) ca nos homes (479,8 %). A taxa de paro é meirande nelas, se ben houbo cambios significativos nas últimas décadas. As diferenzas neste indicador a principios do século actual eran moi significativas, chegando ata os dez puntos porcentuais en 2003. As mulleres achegábanse aos vinte puntos de taxa de paro fronte aos homes, que presentaban unha taxa inferior aos dez puntos. Estas diferenzas foron diminuindo co paso dos anos, de xeito que en 2012 a taxa de paro nos homes foi só algo superior á das mulleres. Dende entón, os niveis globais de paro baixaron; mais a taxa de paro entre as mulleres volveu superar a dos homes (Figura 12).

Figura 12. Taxa de paro por xénero (2000-2018).




4.6. Cobran as mulleres o mesmo ca os homes?

Segundo os datos facilitados pola Axencia Estatal Tributaria, o salario medio anual das mulleres galegas no ano 2019 era de 17 511 €; isto é, 4527 € inferior ao dos homes. A finais da segunda década do século en curso, os homes cobraban anualmente


en Galicia un 25,9 % máis ca as mulleres. Desagregando o nivel salarial por sectores, pode observarse como o grupo das entidades financeiras e aseguradoras acada os soldos máis altos, sendo tamén estes sectores onde as distancias por xénero son maiores (con diferenzas por xénero no salario medio 2019: 11 264 €); porén, no sector da construción e actividades inmobiliarias, as diferenzas son menores (diferenzas por xénero no salario medio 2019: 2185 €) (Figura 13).

Figura 13. Evolución do salario medio anual por xénero (2000-2020).



Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes de 2021. Data de referencia dos datos: 1 de xaneiro.

Correlacionando o salario medio anual co xénero e a idade obsérvase como os ingresos medraron tanto nos homes coma nas mulleres ata chegar á cohorte de idade de 56 a 65 anos, a partir da cal comeza a decrecer. Os homes cobran máis ca as mulleres en todos os tramos de idade, aínda que as maiores diferenzas se sitúan naquelas persoas entre 46 e 55 anos. Neste último tramo o salario medio das mulleres é 5512 € inferior ao dos homes (Figura 14).

Figura 14. Evolución do salario medio anual segundo as cohortes de idade e o xénero.

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes de 2021. Data de referencia dos datos: 1 de xaneiro.

4.7. Cales son as situacións de inactividade máis habituais nas mulleres?

A primeira conclusión que se pode extraer do estudo das situacións de inactividade dos galegos é a seguinte: esta situación afecta máis ás mulleres ca aos homes. A circunstancia máis frecuente referida por aqueles que entran na categoría de inactivos/as sería a das persoas que podemos denominar como “retiradas, xubiladas ou pensionistas”. A seguir, a segunda situación de inactividade máis frecuente entre as mulleres é “labores da casa” (179,9 %), mentres que esta situación é case residual nos homes (32 %) (Táboa 3). De feito, a diferenza observada nesta categoría coincide, en gran medida, coa diferenza global observada entre homes e mulleres no tocante a este índice, o que apunta a que a non incorporación ao mundo laboral e a permanencia no fogar segue a ser unha situación determinada polo xénero.

Táboa 3. Situacións de inactividade máis habituais nas mulleres.

Inactividade	Homes	Mulleres
Total	479,8	638,2
Estudantes	78,6	85,5
Retirados, xubilados ou pensionistas	308,7	324,9
Labores da casa	32,0	179,9
Outros	52,0	44,0
Non sabe. Non refire estado de inactividade	8,5	4,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


4.8. A muller na cultura galega⁵

Para unha descrición rápida mais reveladora, tomaremos como índice cuantificable os premios. Realizando unha primeira análise dos outorgados en Galicia segregados por xénero, pódese observar que un 67 % recaen en homes, un 20 % en mulleres e un 13 % noutras categorías, nas que se inclúen asociacións, colectividade etc. Tendo en conta só os premios outorgados a mulleres, o 37 % correspóndese con premios de artes escénicas e audiovisuais e un 34 % son de carácter literario. Esta última categoría ocupa o segundo lugar. Os premios que reciben menos as mulleres son os xornalísticos, cun 3 % do total (CCG 2014).

Os premios literarios merecen unha especial atención por seren a categoría máis numerosa e polo número de mulleres premiadas. Aínda que no total dos certames literarios resultan galardoadas o 20 % das mulleres, cando se trata de premios de literatura infantil e xuvenil esta porcentaxe aumenta ata un 28,4 %. No lado oposto están os premios de textos teatrais, nos que só foron galardoadas o 8,1 % das mulleres.

Analizados os premios e galardóns culturais, detéctase que son moitos máis homes os que reciben algún tipo de recoñecemento deste tipo en Galicia. A meirande parte dos premios literarios, de creación artística, xornalísticos ou de artes escénicas e audiovisuais recaeron en homes. As mulleres só son maioría nalgunha categoría concreta.

⁵ Os datos extraídos para este apartado proveñen do informe realizado polo Consello da Cultura Galega en 2014 e que leva por título *A muller na cultura galega (II)*.

Figura 15. Distribución por xénero en diferentes ámbitos culturais

Outros datos complementarios de interese para retratar minimamente a posición da muller na cultura galega amosan que as mulleres teñen unha presenza importante na Administración do ámbito cultural; mais esta segue a ser pobre entre vogais de órganos consultivos. As mulleres son maioría entre o persoal técnico e administrativo e tamén entre cargos directivos e intermedios. Mentres na área de cultura dos concellos galegos a responsabilidade recae, case na metade dos casos, nelas, nas empresas culturais agremiadas a maioría dos cargos directivos están ocupados por homes e, no caso específico dos medios de comunicación, a presenza de mulleres é case anecdótica.

5. A importancia da muller na transmisión lingüística interxeracional

A transmisión interxeracional é o proceso polo cal unha lingua se transmite, ou non, dunha xeración á seguinte, o que se produce na maioría dos casos a través da familia (Torres-Pla 2015). A UNESCO clasifica unha lingua como “en perigo” cando os seus falantes deixan de utilizala ou a empregan cada vez en menos ámbitos de comunicación ou deixan de transmitírllela ás xeracións vindeiras. Esta situación implica que non haxa novos falantes, nin adultos nin nenos (UNESCO 2003: 2), o que compromete a pervivencia do idioma. Os principais factores para determinarmos a vitalidade dunha lingua, segundo a UNESCO, son: 1) a transmisión interxeracional; 2) o número absoluto de falantes; 3) a proporción de falantes sobre o conxunto da poboación; 4) os cambios de lingua segundo o contexto de uso; 5) a resposta aos novos contextos e medios; 6) a dispoñibilidade de materiais de aprendizaxe para o seu ensino (UNESCO 2003, p. 6).

O papel destacado da transmisión lingüística foi xa indicado por Fishman (1991), quen sinalou que os mecanismos de transmisión de pais/nais a fillos/as son un punto de vital importancia á hora de determinarmos o mantemento ou a recesión dun idioma. Así, unha comunidade lingüística que transmite a súa lingua dunha xeración á seguinte no contexto familiar ten unhas boas perspectivas de futuro, xa que se asegura o seu mantemento. Porén, non hai que perder de vista que os procesos de transmisión non están vinculados unicamente ao contexto familiar, xa que a socialización familiar é fundamental na conformación da infancia, mais non é a única. Este período da infancia constitúe un intre marcado por múltiples socializacións, a miúdo complexas, nas cales se fai sentir a súa influencia conxunta e ás veces contradictoria.

O prestixio ten un peso moi importante na reprodución e produción lingüística (Williams 2005). Este factor está relacionado coas atribucións que se lle adxudican ás distintas linguas, atribucións que exercen un efecto sobre o status socioeconómico das persoas que as empregan. Estas características, non inherentes a ningún idioma, indican o valor funcional que ten a súa aprendizaxe e a súa práctica nunha estrutura social determinada (Ramallo 2012).

5.1. A lingua inicial

Comezaremos este apartado partindo dunha visión da lingua que adquiriron de forma inicial os galegos e galegas, acudindo a unha serie de fontes secundarias de carácter demolingüístico. Nestes estudos, os enquisados debían sinalar a lingua na cal aprenderon a falar (i.e. lingua inicial), un indicador que se complementou co contexto en que o fixeron, así como coa lingua na cal aprenderon a escribir e o contexto en que se produciu esta aprendizaxe. Intentaremos, a seguir, establecer a posible influencia do xénero sobre estas variables.

Os últimos datos recollidos no ECEPV-2021 sinalan que o 38,8 % dos galegos e galegas teñen o castelán como lingua inicial, un 37,9 % o galego e, por último, un 18,7 % as dúas. Os resultados procedentes desta fonte retratan unha situación na que as mulleres aprenderon a falar máis en castelán (39,5 % - 38 %), mentres, pola contra, os homes aprenderon a falar máis en galego ca as mulleres (38,2 % - 37,2 %) (Figura 16). Este é o panorama que retratan os datos de carácter macrolingüístico recollidos máis recentemente, illando a variable xénero do conxunto dos resultados.

Os datos demolingüísticos recollidos en 2018 polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego* deitaban, como resultado, que a lingua aprendida maioritariamente inicialmente era “galego”. Porén, a comparación entre as porcentaxes de lingua inicial recollidas en 2021 (ECEPV-2021) e mais as de 2018 (IGE 2018) permite observar un retroceso da presenza do galego como primeira lingua. Realizando un cruzamento da fonte secundaria do IGE (IGE 2018) segundo xénero, a tendencia observada é a mesma que a recollida en 2021: a lingua inicial maioritaria no caso das mulleres foi o castelán (38,1 % - 32,2 %), mentres que a situación é inversa no caso dos homes (37,1 % - 31,2 %). En definitiva, é posible, a partir deste traballo, establecermos unha dinámica pola cal as mulleres adquiren en maior medida o castelán ca os homes (Figura 16).


Deterémonos agora na evolución do índice de paridade lingüística en relación á lingua de adquisición inicial¹. Para obter o desenvolvemento diacrónico utilizáronse as fontes de datos secundarias do: a) IGE (2018, 2013, 2008 e 2003); b) MSG (1992). Os resultados indicaron como, co transcurso dos anos, o índice de paridade lingüística foise distanciando, de xeito que as mulleres adquirirían en maior medida ca os homes o castelán como lingua inicial. Novamente, as percepcións sociais sobre as

1 Este índice obtense mediante a seguinte fórmula= $100 \times L1 \text{ muller} / L1 \text{ home}$.

5. A importancia da muller na transmisión lingüística interxeracional


linguas en confluencia coa construción diferenciada do xénero semellan ser a explicación destas diferenzas na adquisición lingüística. A subalternidade de xénero levaría a procurar na lingua esquivar o engadido doutra subalternidade, ademais do cruzamento entre algúns dos prexuízos de xénero e a propia percepción dos idiomas.

Figura 16. Lingua inicial segundo xénero. Ano 2018.



Fonte: Adaptación propia do IGE-2018

Figura 17. Evolución do índice de paridade lingüística de lingua inicial dende 1992 a 2018 segundo xénero.



*Índice de paridade lingüística de lingua inicial (IPLI). Fórmula=100 x LI muller / LI home.

5.2. O retroceso na transmisión interxeracional do galego


Durante a segunda metade do século pasado e as dúas primeiras décadas do século XXI, Galicia sufriu un proceso de transformación importante, converténdose nunha colectividade máis urbana e envorcada no sector servizos. A poboación galega dos anos cincuenta tiña unha elevada proporción de rural ocupada no sector primario, unha situación que preservaba un alto grao de utilización do galego oral (Loredo 2017, p. 32); mais foi xustamente nesa altura, en plena posguerra, cando comezou a producirse un éxodo masivo do campo á cidade que transformaría fondamente a sociedade galega. Como consecuencia, contextos que tiveran historicamente moita importancia para a lingua, aqueles nos que xustamente se preservara, foron minguan-do dende os anos sesenta ata a actualidade (Monteagudo, Loredo e Vázquez 2016).

Esta transformación da sociedade galega incidiu, incide e seguirá incidindo sobre as familias galegofalantes e as súas decisións de transmitir ou non a lingua á seguinte xeración; é dicir, sobre a súa política lingüística familiar. O traslado da poboación do campo cara á cidade daqueles anos estivo na base da desgaleguización do país que chega aos nosos días. Cómpre termos en conta, tamén, que estes procesos coinciden cronoloxicamente coa extensión da rede escolar e coa xeneralización da educación, que funcionou, nomeadamente baixo o franquismo, como un instrumento de castelanización. Aínda existen testemuñas vivas da dura represión lingüística exercida nas escolas durante a ditadura. Os efectos desas vivencias prolongáronse alén da propia ditadura, pois as persoas que as sufriron actuaron a miúdo movidas por un desexo de evitaren á súa propia descendencia a represión ou rexeitamento que elas mesmas viviran, o que determinou, en moitos casos, de xeito máis ou menos consciente, a transmisión interxeracional de toda unha xeración.

A seguinte figura (Figura 18) ofrece unha visión xenérica da lingua transmitida no contexto familiar con datos recollidos en 2018. Presentamos unha selección de cohortes de idade da enquisa do IGE-2018 con persoas con entre 25 e 54 anos na que se preguntaba aos enquisados/as sobre a lingua utilizada con eles/as cando eran novos polos seus avós/oas e proxenitores e na que tamén se recolle a lingua utilizada por eles/as coa súa parella e os seus fillos/as. Os datos indican como nesta cohorte de idade, conformada por persoas nadas entre mediados dos anos sesenta e comezos dos noventa, se produciu un proceso de desprazamento do galego cara ao castelán que fica claramente reflectido no contexto familiar. Esta análise é congruente co presentado por Loredo (2017, p. 33), quen documenta o retroceso da transmisión lingüística do galego.

Mentres que case un 70 % dos avós e avoas utilizaran o galego cos enquisados/as cando eran pequenos/as, só un 40 % dos mesmos o empregou cos seus propios descendentes. Pode, pois, constatar-se un cambio substancial na transmisión interxeracional no transcurso de apenas tres xeracións. O parámetro decisivo, moi por riba do xénero, é o contextual, pois o proceso actúa de forma diferencial no urbano e periurbano, habendo urbes nas que o proceso de substitución na transmisión é aínda moito máis notable ca os resultados que deita a enquisa sobre a poboación en xeral.

Figura 18. A lingua utilizada no contexto familiar en xeracións diferentes. Selección de persoas entre 25 e 54 anos.




Fonte: Adaptación propia do IGE-2018.

5.3. O papel do xénero da transmisión da lingüística do galego

A hipótese construída inicialmente fai referencia a que a lingua galega foi utilizada en maior medida cos homes ca coas mulleres. Os primeiros resultados (Figura 19) indican que as avoas/ós reproducían máis galego cando falaban cos netos ca coas netas (+5,2 %), situación que se reproduciu na seguinte xeración cos proxenitores (+6,6 %) e continuou, malia que en menor medida, cos descendentes dos enquisados e enquisadas (+4 %), feito que se pode xustificar pola baixada da presenza do galego nos usos familiares. O índice de paridade da transmisión lingüística do galego (IPTLG) retrata, dun xeito claro, como a lingua reproducida coas mulleres

cando eran pequenas tiña unha menor presenza de galego ca no caso dos homes. O IPTLG amosa como esta desincronía se constatou en todas as xeracións introducidas na análise. A redución da presenza do galego nos usos familiares foi semellante para o sexo feminino e masculino, mais a desincronía foi especialmente evidente cos proxeitores (IPTLG= 88 %).

Figura 19. Presenza do galego no contexto familiar segundo o xénero e índice de paridade da transmisión lingüística do galego*. Selección de persoas entre 25 e 54 anos.




Fonte: Adaptación propia do IGE-2018.

*Para a obtención do índice de paridade da transmisión lingüística do galego (IPTLG) emprégase a formula: $100 \times \frac{\text{Lingua utilizada para dirixirse a elas cando eran nenas pola familia}}{\text{Lingua utilizada para dirixirse a eles cando eran nenos pola familia}}$. 100 % sería o índice de paridade total na transmisión interxeracional do galego.

A introdución na análise da evolución dos procesos de substitución do galego polo castelán utilizando como referencia o contexto familiar do IGE (2018) proporcionounos un marco explicativo que permite comprendermos como foi o proceso ao longo do tempo. Os datos indican como as persoas nadas entre mediados dos sesenta e finais dos setenta sufriron, en maior medida, ese proceso de ruptura da transmisión interxeracional. Analizando os resultados expostos na figura 20, obsérvase como na cohorte das persoas nadas a finais dos sesenta ata mediados/finais dos setenta (+9 %) houbo unha maior transmisión do galego como lingua inicial cos nenos ca coas nenas. Hai, xa que logo, unha coincidencia do pico deste fenómeno co intre de grande emigración do rural ao urbano galego, especialmente no denominado eixo atlántico.

5. A importancia da muller na transmisión lingüística interxeracional

Figura 20. Evolución da presenza do galego no contexto familiar segundo o xénero. Selección de persoas entre 25 e 54 anos.




Fonte: Adaptación propia do IGE-2018.

A escolla de variables relacionadas coa vivenda habitual e nivel educativo tamén ten unha certa incidencia sobre a relación do xénero coa transmisión lingüística do galego. O territorio inflúe certamente sobre a presenza do idioma galego como lingua inicial na lingua de transmisión familiar; así, naqueles hábitats que se poden categorizar como rurais (menos de 10 000 habitantes) a familia transmítelles maioritariamente aos descendentes a lingua galega, acadando cifras superiores aos setenta e cinco puntos porcentuais. Pola contra, nos hábitats urbanos as cifras baixan dos corenta puntos, verificándose unha redución case á metade.

Hai unha relación directamente proporcional. Canto maior é o lugar de residencia da persoa enquisada, máis incidencia sobre a transmisión interxeracional da lingua adquire o parámetro xénero. Nas pequenas localidades non se marcan as diferenzas na transmisión segundo o xénero de xeito evidente, mentres que nas localidades urbanas e mesmo periurbanas e vilegas a transmisión do galego aos homes é significativamente maior ca no caso das mulleres (Figura 21). De feito, o índice de paridade (IPTLG) nos contextos rurais acada cifras próximas ao 95 % fronte á cifra próxima ao 87,1 % dos ámbitos urbanos.

Figura 21. Presenza do galego no contexto familiar e índice de paridade da transmisión lingüística do galego (IPTLG) segundo xénero e territorio. Selección de persoas entre 25 e 54 anos.




Fonte: Adaptación propia do IGE-2018.

*Para a obtención do Índice de paridade da transmisión lingüística do galego (IPTLG) emprégase a formula: $100 \times \frac{\text{Lingua utilizada para dirixirse a elas cando eran nenas pola familia}}{\text{Lingua utilizada para dirixirse a eles cando eran nenos pola familia}}$.

Cómpre engadirmos á análise o factor do nivel educativo acadado como parámetro relevante en confluencia co xénero. Pode constatar-se unha correlación inversamente proporcional entre o nivel educativo dos proxenitores e a transmisión do galego como lingua inicial. Mentres que os proxenitores con estudos primarios empregaron maioritariamente o galego cos descendentes, acadando cifras próximas aos setenta puntos porcentuais, no caso das persoas con estudos superiores a transmisión do galego baixaba aos cincuenta puntos. Porén, a análise de resultados permite constatar que entre as persoas con estudos superiores a conduta lingüística vén menos determinada polo xénero ca entre as persoas con estudos primarios, entre as cales a diferenza de conduta si está determinada de maneira importante polo parámetro xénero (Figura 22).

5. A importancia da muller na transmisión lingüística interxeracional

Figura 22. Presenza do galego no contexto familiar e índice de paridade da transmisión lingüística do galego (IPTLG) segundo xénero e nivel educativo. Selección de persoas entre 25 e 54 anos.



Fonte: Adaptación propia do IGE-2018.

*Par a obtención do Índice de paridade da transmisión lingüística do galego (IPTLG) emprégase a formula: $100 \times \frac{\text{Lingua utilizada para dirixirse a elas cando eran nenas pola familia}}{\text{Lingua utilizada para dirixirse a eles cando eran nenos pola familia}}$.

6. As competencias bilingües en Galicia

Este apartado ten como finalidade principal establecermos e analizarmos as competencias lingüísticas da poboación galega, entendendo por tales as habilidades comprensivas e, nomeadamente, as produtivas. A medición das competencias pode facerse de dous xeitos claramente diferenciados: a partir dos datos autodeclarados polos participantes nunha avaliación, o que leva a unha avaliación autopercibida, ou ben a través de probas competenciais xulgadas externamente. Malia que o nivel de obxectividade ligado ao segundo procedemento resulta útil dende moitos puntos de vista, cando se trata de analizarmos comportamentos lingüísticos ligados a percepcións e actitudes, a análise autopercibida adquire unha enorme relevancia. A autopercpción exprésase a través dun ítem que valora cada unha das destrezas orais e escritas, tanto receptivas coma expresivas, en cada unha das linguas, tanto propias coma adquiridas, e a través dunha escala numérica de carácter ordinal que serviría para graduar o dominio. Nas baterías demolingüísticas galegas a escala máis habitual era a seguinte:

P. 16 Cal é o seu dominio do galego? Con posibilidade de responder nas catro destrezas

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	N.P.
Enténdeo	4	3	2	1	9
Fálao	4	3	2	1	9
Leo	4	3	2	1	9
Escribo	4	3	2	1	9

Nas enquisas macrosociolingüísticas fálase de dominio (efectivo) en calquera das destrezas a partir da suma das alternativas “bastante” e “moito”. Noutras enquisas recollíase información sobre as competencias en galego na familia nas dúas xeracións precedentes (o pai, a nai, o avó e avoa) con alternativas que abranguían dende *ningún* (dominio) ata *moito* dominio nas catro destrezas¹.

1 A) Ningún dominio; B) Pode entender o galego; C) Pode entendelo e falalo; D) Pode entendelo, falalo e lelo; E) Pode entendelo, falalo, lelo e escribilo; F) Pode entendelo, lelo e escribilo; G) Non procede, non sabe ou non contesta.


Os principais traballos sociolingüísticos galegos amosan unha situación paradoxal. Unha lingua, a galega, que non deixa de perder falantes –arredor de 250 000 só na última década, de acordo ao Instituto Galego de Estatística (IGE 2008; 2013; 2018)– experimenta, pola contra, unha mellora xeneralizada nas competencias autodeclaradas (Figura 23). Curiosamente, ambos os procesos son máis acusados nas xeracións máis novas (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2018), cada vez máis competentes na lingua segundo a súa propia percepción, mais cun uso cada vez menor. Sen dúbida, a presenza do galego na escola xoga, aquí, un papel fundamental, pola súa relevancia na adquisición lingüística. Respecto á mellora das competencias en Galicia co paso das xeracións (*baby boomers*, *millennial*, *centennial* e *alphas*), diferentes estudos sitúan a introdución do galego no ensino como un punto de inflexión no caso das competencias en lectura e escritura (Silva, Buela, Loredó e Morán 2008).

As políticas lingüísticas de ámbito autonómico entenderon, decote, que *a harmonía lingüística* en Galicia depende de que todos os galegos e galegas desenvolvan unhas competencias parellas nas dúas linguas oficiais que permitan a libre elección dos individuos nas súas interaccións cotiás, facendo, así, innecesaria a intervención política noutros aspectos (Lorenzo 2005). Por iso, dende a promulgación no ano 1983 da Lei de Normalización Lingüística, as sucesivas normas educativas situaron a adquisición parella dos dous idiomas cooficiais como un obxectivo educativo prioritario. Así, o decreto vixente (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia) introduce como principio a “garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia” (Art. 4.1: 9.243). Mais, a pesar de que se asuma como obxectivo educativo a consecución de competencias plenas nas dúas linguas cooficiais, as avaliacións de se este obxectivo se está efectivamente a cumprir non foron frecuentes na sociolingüística galega e, polo xeral, con resultados parciais. Por suposto, queda fóra da cuestión estritamente competencial o feito de que competencia e uso non van da man, como sen dúbida demostran os datos sociolingüísticos, polo que pode afirmarse que unha postura en liña coas directrices europeas na súa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, que adopte un posicionamento ecolingüístico orientado á preservación da riqueza lingüística e a diversidade cultural, non pode restrinxirse ao marco restritivo das competencias e debe considerar os aspectos de valoración, percepción social e uso.

A figura 23 retrata, de xeito claro, como as persoas das xeracións máis novas teñen unhas mellores destrezas en expresión escrita, mentres as competencias en expresión oral en galego se valoran como moi altas, sen que se produzan cambios nesa

autopercepción ao longo do tempo, malia que as avaliacións externas constaten, pola contra, unha competencia oral en galego peor entre a mocidade ca entre as persoas de máis idade. Respecto ao uso, o número de galegofalantes vai reducíndose co paso das xeracións.

Figura 23. Evolución da porcentaxe de galegofalantes habituais (só galego + máis galego) e evolución da destreza autopercibida efectiva en galego nas destrezas de expresión oral e escrita (bastante + moito) segundo o ano de nacemento da persoa enquisada.



Fonte: Figura recollida de Loredo e Silva (2020, p. 14) e Loredo e Vázquez-Grandío (2022, p. 137) realizada dunha adaptación propia dos resultados do IGE (2019).

A competencia lingüística converteuse, nas últimas décadas, en obxecto de atención preferente na investigación académica, na práctica pedagóxica e nas políticas lingüísticas e educativas. Estes son os tres ámbitos nos que se debe actuar de maneira conxunta para garantirmos que todo o alumnado remate a educación obrigatoria con capacidade para empregar dunha forma correcta, adecuada e eficazmente, as linguas oficiais de Galicia e para valorar a diversidade lingüística e o papel da lingua galega como factor de identidade colectiva. Toda a lexislación galega (Lei de Normalización

Lingüística, sucesivos decretos reguladores do uso escolar das linguas, currículos das distintas etapas educativas) remite a este mesmo mandato, polo que resulta imprescindible dispormos dun coñecemento rigoroso e científico da competencia bilingüe do alumnado que permita valorar o grao en que se está a acadar ese obxectivo e, de ser necesario, elaborarmos programas de intervención social e educativa orientados a superar as insuficiencias detectadas.

Os datos sociolingüísticos máis abundantes no ámbito da avaliación das destrezas son os referidas á autopercepción (por exemplo: Monteagudo, Loredó, Gómez e Vázquez-Grandío 2021). As diferenzas na avaliación das competencias foron substantivas, especialmente entre os primeiros estudos (Seminario de Sociolingüística, RAG 1994) e os posteriores (Seminario de Sociolingüística da RAG 2007) e consistiron na incorporación de linguas estranxeiras (LE) e no proceso de avaliación. A maiores, existen outros traballos importantes como a serie do IGE (2003, 2008, 2013 e 2018) que leva por título *Coñecemento e uso do galego*, onde se inclúe unha valoración do enquisado ou enquisada sobre a súa competencia en galego. Mais a autoavaliación ten un carácter claramente subxectivo e perdeuse a oportunidade de realizar un diagnóstico propiamente multilingüe, no que se inclúa unha avaliación das competencias en castelán (LC) e na/s lingua/s estranxeira/s (LE); é dicir, unha avaliación dos enquisados e enquisadas cunha finalidade multilingüe. Existe outra liña de traballo procedente do *Instituto Nacional de Estadística* (INE) cunha aplicación de cada dez anos coa *Enquisa de Características Esenciais da Poboación e as Vivendas* (ECEPV 2001, 2011, 2021).

A información derivada da aplicación de probas específicas ao final do ensino obrigatorio coa finalidade de comprobar a adquisición de competencias bilingües ao final do ensino obrigatorio é limitada, xa que se restrinxen a xeracións moi concretas e/ou a zonas de Galicia moi delimitadas (vex.: Noia 1980; Loredó, Fernández e Suárez 2005; Esteban 1997), mesmo nalgún caso analízase exclusivamente algunha destreza, como pode ser a expresión escrita (Loredó, Fernández e Suárez 2005), a léxica (Esteban 1997) ou as interferencias lingüísticas (Silva 2006), entre outras.

O traballo de Loredó, Fernández e Suárez (2005) avaliou as destrezas en expresión escrita en galego e castelán na comarca de Santiago. Os resultados sinalaron que o alumnado obtén unhas puntuacións medias semellantes en ambas as linguas. Porén, as puntuacións máis altas son para a lingua castelá nas destrezas formais (por exemplo, en ortografía e corrección) mentres que as máis altas en galego concentrábanse nas destrezas comunicativas (por exemplo, en fluidez e capacidade de significar). A investigación de Iglesias (2018) indicaba a existencia de diferenzas nos rapaces

segundo o contexto de residencia. Os nenos e nenas residentes en contextos urbanos e periurbanos tiñan unha maior probabilidade de acadar unha gran competencia oral activa en castelán fronte a unha menor competencia en galego, e esta probabilidade agravábase naqueles descendentes de familias castelanfalantes. Os resultados indicaban a existencia dun alumnado que acadaba un vocabulario básico en galego, mais é incapaz de producir expresións complexas nesta lingua (p. 465). Tamén existen algúns traballos de avaliación do bilingüismo galego-castelán dende a perspectiva psicolingüística (Fraga, Igoa e Acuña 2004; Teijido, Alameda e Fraga 2002; Outón e Suárez 2011). Estes últimos autores e autoras avaliaron a comprensión lectora bilingüe en galego e castelán na educación primaria utilizando como parámetros a *velocidade* e *exactitude* e obtendo como resultados que é deficitaria en ambas as dúas linguas, pero especialmente deficitaria en galego no segundo parámetro.

No ano 2009 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia asinou un convenio co Instituto de Calidade Educativa (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para: “avaliar de xeito comparado a competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán para coñecer a súa relación con variables sociolingüísticas, socioeconómicas e pedagóxicas”. Esta avaliación supuxo –e así se presentou publicamente– un *informe cero* da situación neste eido, xa que non tivera precedentes importantes en relación á avaliación das competencias bilingües en galego e castelán en Galicia ao final do ensino obrigatorio e utilizando unha metodoloxía de avaliación mediante expertos e expertas fronte a datos procedentes de estímulos de avaliación baseados en escalas de autovaloración. Unha década despois, este estudo de avaliación das competencias lingüísticas bilingües púidose replicar co mesmo procedemento e unha mostra con características semellantes.

Os resultados xerais do estudo en 2009 indicaban que:

- a) A competencia oral era mellor ca a escrita nas dúas linguas;
- b) As destrezas orais e escritas en castelán eran superiores á media da escala, aínda que as escritas nun nivel moi xusto;
- c) A competencia escrita en galego non acadaba ese nivel intermedio;
- d) As subcompetencias máis relacionadas co código (gramática e léxico) situábanse en galego na banda máis baixa, mentres en castelán eran das máis altas (Silva 2010, p. 207).
- e) Un traballo posterior, baseado nunha reanálise dos datos anteriores, (Loredó e Silva 2014) comparaba diferentes factores para poder establecer a súa relación sobre a competencia gramatical e léxica en galego e castelán


do alumnado *millennial*, obtendo que as competencias en lingua castelá están máis asociadas a un factor socioeconómico, mentres que os indicadores en lingua galega se relacionan con aspectos de corte sociolingüístico; é dicir, as competencias lingüísticas en galego están máis ligadas a unha adquisición natural e non formal.

A aplicación unha década despois da investigación precedente polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, con algunha modificación, deste proxecto de investigación de avaliación das competencias bilingües nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO foi publicada pola RAG en 2020 (Loreda e Silva coord. 2020). Este traballo permitiu constatar que, dun xeito global, a xeración *centennial* remata o ensino obrigatorio cunha competencia aceptable nos dous idiomas oficiais de Galicia, mais as cifras xerais ocultan unha realidade ben diferente, na que se constata un acusado desequilibrio en detrimento do galego (pp. 141-142).

O desenvolvemento das destrezas lingüísticas dun idioma é imprescindible para garantir a pervivencia e vitalidade do mesmo. Pero son escasos os traballos cos que contamos nos que se levase a cabo unha avaliación diferencial das competencias en galego e castelán. Isto débese, sobre todo, á complexidade de realizar unha avaliación completa, válida e fiable das dúas linguas oficiais galegas, dificultade que se ve incrementada pola propia proximidade tipolóxica e a intercomprensión existente entre elas. A maior facilidade coa que se obteñen xuízos de autopercepción explica que teñamos moitos máis estudos desta índole ca dunha medición obxectiva das competencias.


Os datos obtidos máis recentemente e presentados ante a opinión pública por diversos medios de comunicación corresponden á Enquisa de Características Esenciais da Poboación e as Vivendas (ECEPV-2021). Os resultados deste traballo indican que o catalán, seguido polo valenciano e posteriormente polo galego son as linguas cooficiais do Estado español que máis persoas teñen capacidade para falar. Neste estudo, arredor de 2 383 258 (5,2 %) persoas retrátanse como enquisados cunha boa capacidade para se expresaren ben oralmente en galego a nivel estatal (Figura 24).

Figura 24. Nivel de coñecemento para falar e escribir as linguas máis frecuentes (excepto español) a nivel estatal (categoría incluída: “ben”; categoría non incluída: “nada” e “regular”).



Fonte: Adaptación propia do INE. Enquisa de Características Esenciais da Poboación e as Vivendas (ECEPV-2021).

Figura 25. Nivel de coñecemento do galego por destrezas en 2021.




Fonte: Adaptación propia do INE. Enquisa de Características Esenciais da Poboación e as Vivendas (ECEPV-2021).

6.1. A importancia do xénero nas autovaloracións lingüísticas

Xa na década dos 90 se advertiu como o xénero influía de forma significativa nas autovaloracións das competencias lingüísticas, un feito que aparece recollido no *Mapa sociolingüístico de Galicia de 1992* (MSG-92). Os enquisados valoraban as súas destrezas orais para se expresaren en galego como efectivas (o 88,7 % etiquetaba a súa destreza como *bastante* ou *moi boa*), mentres que entre as mulleres este indicador baixaba en case seis puntos (82,9 %). No tocante ás destrezas escritas, o 31,3 % dos homes avaliaba a súa habilidade como “suficiente” para desenvolverse co galego escrito, mentres que nas mulleres tamén este indicador baixaba en 7 puntos (-7,2 %). A notable diferenza na percepción respecto ás competencias orais e escritas explícase, sen dúbida, porque no conxunto da poboación dos 90 unha parte moi significativa foi educada baixo o franquismo, nun sistema educativo que non só relegaba, senón mesmo proscibía o galego, polo que a alfabetización e a aprendizaxe da escrita se produciu en castelán. Mais, poñendo o foco no xénero, resulta significativa a diferenza nos xuízos de autovaloración, tanto na lingua oral coma escrita.

Figura 26. Autovaloración para falar e escribir de forma suficiente en lingua galega e segundo xénero. Datos de 1992.




Fonte: Adaptación propia do Mapa Sociolingüístico de Galicia-1992.

No estudo da evolución diacrónica deste fenómeno (Figura 27), as distancias entre as competencias autopercibidas na oralidade e a escrita vanse acurtando, como consecuencia lóxica dos cambios políticos e educativos tras o remate da ditadura franquista; mais a diferenza no parámetro xénero amosa unha persistencia no tempo, sendo consistentemente inferior o xuízo que sobre a súa propia competencia fan as mulleres en comparación co dos homes. Porén, hai un dato que se expuxo nun apartado anterior en relación ao nivel educativo (véx. As mulleres acadan un maior nivel educativo ca os homes?) onde se concluía con resultados de 2016 a 2020 que as mulleres presentaban unha menor taxa de fracaso educativo e abandono escolar ca os homes, indicador altamente relacionado coas competencias en lectoescritura. Polo tanto, é difícil deslindar en que medida parámetros xa analizados, como a menor transmisión interxeracional cara ás mulleres e o menor uso do galego con elas como lingua inicial poden determinar e explicar esta diferenza ou se a propia humildade que forma parte dos atributos que o patriarcado lle atribúe ao xénero feminino leva a que a autopercpción expresada deite resultados máis baixos. Certamente, as avaliacións obxectivas e non autopercibidas da competencia bilingüe levadas a cabo en 2009 e 2020 non sustentan esta menor competencia entre as mulleres, se ben estes estudos están restrinxidos a un grupo de idade moi delimitado, o dos *centennials*.

Neste grupo xeracional, a análise das autoavaliacións respecto ás competencias en lingua galega, castelá e estranxeira (inglés) deita resultados con diferenzas significativas por xénero en castelán e inglés, mentres que esta diferenza se anula no caso da lingua galega. As mulleres xulgaron máis altas ca no caso dos homes as súas competencias para a produción lingüística en castelán e inglés, mentres que non se atopan diferenzas por xénero no xuízo para expresarse oralmente e por escrito en galego. Semella, pois, constatarse unha mudanza no xeito de expresar a autopercpción, que levaría a un incremento global no xuízo emitido por mulleres, que pode obedecer a cambios nos patróns de xénero; mais no tocante á lingua galega percíbese unha fenda, non acusada mais si persistente, entre xéneros.

Figura 27. Evolución do nivel de coñecemento autopercibido para falar lingua galega (bastante+moito) (2003-2018) segundo xénero.



Fonte: Adaptación propia dos datos do IGE (2003, 2008, 2013, 2018). Sinálase a existencia dunha distorsión atopada nos datos extraídos da base de datos IGE (2003) non coincidente co resto de fontes de datos (IGE, 2008, 2013, 2018). Esta distorsión é mencionada por outras traballos e incluso existen traballos que falan desta problemática (véx.: Fernández 2017).

7. As linguas de Galicia e o xénero


7.1. A fortaleza demográfica do idioma galego

Os datos demolingüísticos da última enquisa realizada en Galicia (IGE-2018) seguen a reflectir unha situación na que a lingua galega se caracteriza por unha gran vitalidade demográfica. Dous terzos da poboación galega aprenderon a falar en galego, algúns unicamente en galego (42,2 %) e outros en galego e castelán (23,7 %). Con todo, esta situación é menos favorable cando se compara tanto coa lingua en que declaran desenvolverse mellor, onde se observa a preferencia da maioría dos casos polo castelán (36,1 %), coma coa lingua habitual, ítem no que unha parte importante escolle o castelán (47,3 %). Nos últimos resultados do Censo (ECEPV-2021) o castelán rompe, de feito, a barreira psicolóxica dos cincuenta puntos, substituíndo o galego como lingua principal de uso e deixando clara a tendencia preocupante cara á substitución lingüística, cando, aínda en 2018, os resultados sobre lingua habitual achegados polo IGE (2018) mantiñan o idioma galego como a lingua máis utilizada habitualmente polo 51,9 % da poboación.

Desagregando estes datos segundo o xénero, advírtese como as mulleres utilizan en maior medida o castelán como lingua habitual ca os homes. As cifras actuais retratan unha situación onde a porcentaxe de monolingües mulleres é sensiblemente superior (26 %) ao de monolingües homes (22,3 %), mentres o número de homes que falan de forma maioritaria en galego é superior (23,2 %) ao de mulleres (20 %) (Figura 28). Estas diferenzas por xénero documéntanse en 2008 e o uso en maior medida do galego por parte dos homes mantense unha década despois, aínda que cunha lixeira diminución na diferenza (Figura 29).


Lingua e xénero

Figura 28. Lingua habitual segundo xénero.



Fonte: Adaptación do IGE-2018

Figura 29. Evolución da lingua habitual segundo xénero dende 2008 ata 2018.




Fonte: Adaptación propia do IGE-2008, 2013, 2018.

7.2. As diferenzas nas prácticas lingüísticas por ámbitos de uso segundo o xénero

Ao estudarmos as prácticas lingüísticas dos galegos e galegas nos diferentes contextos obsérvase a existencia de condutas lingüísticas distintas por xénero segundo o contexto analizado. Nos ámbitos máis próximos, como o familiar, é onde o idioma galego está máis presente e tamén onde o índice de paridade lingüística amosa usos de homes e mulleres máis semellantes; pola contra, nos contextos máis públicos e laborais o galego emprégase globalmente en menor medida e o índice de paridade lingüística indica que neste contexto as condutas de homes e mulleres amosan maior diverxencia. As mulleres fan menor uso do galego ca os homes nos ámbitos de carácter laboral, tanto nos horizontais coma nos verticais (Figura 30).

Figura 30. Presenza do galego por ámbitos de uso e xénero. Índice de paridade lingüística do galego (IPL)



Fonte: Adaptación do IGE-2018


7.3. Acomodación ou converxencia lingüística

Malia as dificultades metodolóxicas do estudo da acomodación lingüística constatadas por traballos previos (por ex. Ferreira 2016), considerouse necesario explorarmos os procesos de acomodación lingüística e as percepcións de uso do idioma galego, tanto no pasado próximo coma na actualidade, polo que implica respecto ao futuro

da lingua e a súa presenza no espazo social. Inicialmente, partimos dunha noción de “acomodación lingüística” restritiva, xa que só dispuñamos dun ítem, autoinformado, que non abarcaba a totalidade do concepto. Logo pasamos a facer unha achega a aspectos de opinión e motivación para os que nos basearemos nunha enquisa aplicada polo Consello da Cultura Galega á mocidade na que se preguntaba sobre as intencións de comunicar nunha ou noutra lingua.

A enquisa demolingüística aplicada polo IGE en 2018 á poboación galega incorporaba algúns ítems que nos permiten obter datos sobre o fenómeno da acomodación lingüística, xa que se preguntaba directamente aos enquisados ou enquisadas polos cambios de lingua habitual, sobre se a persoa a mantiña ou a mudaba cando falaba ou lle respondía a un interlocutor que se expresaba no outro idioma. Os resultados indican a existencia dunha conduta maioritaria de acomodación, excepto nos treitos de idade máis novos. Por outra banda, tamén se observa a existencia dunha meirande acomodación nos tramos de idade intermedios, onde se producen un maior número de relacións laborais. De xeito aparentemente paradoxal con respecto a datos analizados con anterioridade, o fenómeno da acomodación lingüística deita resultados superiores nos homes ca nas mulleres, mais seguramente isto obedece a que a acomodación se verifica principalmente cara ao castelán, e o índice maior de uso do castelán como lingua habitual entre as mulleres explica o menor índice do fenómeno de acomodación. Mudan en menos ocasións de idioma porque xa falan de partida castelán como lingua habitual en maior medida ca os homes (Figura 31).

Figura 31. Acomodación á lingua do interlocutor segundo o xénero e idade. Índice de paridade lingüística.



Fonte: Adaptación do IGE-2018

8. Conclusións

Neste traballo propuxémonos realizar unha primeira aproximación á interseccionalidade entre as categorías de lingua e xénero en Galicia. Con este fin, recorreremos ás fontes secundarias, extraendo os datos dispoñibles sobre a cuestión, compilándoos e interpretándoos, de xeito que se atopen reunidos e permitan, no seu conxunto, extraermos unha serie de conclusións iniciais que poidan servir como punto de partida para futuras investigacións.

Os estudos macrosociolingüísticos dos que puidemos botar man incorporan o xénero entre as súas variables, pero non realizaron un tratamento directo sobre o tópico. De feito, non é infrecuente que se aluda á cuestión para xustificar a súa tanxencialidade, ou que non se considere no estudo, como ocorrería a comezos de século no traballo de Iglesias (2002), que explica do seguinte xeito a non incorporación desta variable:

A pesar de que unha das variables utilizadas na gran maioría dos estudos sociolóxicos é o xénero, no noso caso non a tivemos en conta, debido a que os estudos cuantitativos levados a cabo ata o de agora indican que en Galicia non introduce diferencias significativas nos usos lingüísticos e menos aínda nas actitudes [...] (Iglesias 2002, p. 78).

Con todo, a observación dunha serie de disparidades consistentes nos resultados das principais variables demolingüísticas entre mulleres e homes derivou en que nos traballos máis recentes comezase a terse en conta o xénero e os nosos resultados confirman, tamén, de modo incuestionable, a súa relevancia, porque, se ben é certo que non pode trazarse, de xeito radical, unha conduta e actitude lingüística diferenciada, si se amosan disparidades estables e consistentes que se manteñen no tempo. Tal como indicou Suárez (2010, p. 31):

Os datos presentados permiten concluírmos que, malia non seren cuantitativamente avultadas, as diferenzas de xénero nos usos lingüísticos son reiteradas e consistentes co modelo sociolingüístico de xénero (Suárez 2010, p. 31).

Tanto na transmisión interxeracional coma no eido das competencias, das prácticas e das actitudes lingüísticas, constátanse diferenzas medibles no comportamento lingüístico de homes e mulleres e estas diferenzas responden a unha pauta clara e recoñecible no ámbito da interseccionalidade. Os colectivos subalternos tenden a procurar un reforzo simbólico a través da asimilación ao ámbito favorecido noutro campo da xerarquización social, de xeito que as mulleres amosan unha preferencia polas variantes lingüísticas máis prestixiosas. Isto, que noutros ámbitos se estudou nos eixos da variación diastrática e diafásica, en contextos de linguas en contacto, coma o do galego, con xerarquización entre linguas, acaba tendo unha plasmación nos usos e na escolla de código.

Ao intentarmos atender a esta dimensión de xeito directo, o tratamento dos datos estatísticos e a presenza limitada do tema nos traballos cualitativos precedentes aparelhou dificultades para desenvolvermos unha análise máis fonda (véxase p. ex.: Vázquez-Grandío 2018: 104). En relación ás actitudes lingüísticas implícitas, os traballos precedentes realizados con xente nova amosan que os marcadores sociais asociados ao acento galego son máis potentes cando se avalía unha muller e, simultaneamente, detéctase que o xuízo sobre este aspecto é máis crítico cando quen o emite é tamén unha muller. Todo conflúe para ratificar que as mulleres serían máis proclives a sufriren discriminación pola súa conduta lingüística, o que, á súa vez, determina as súas actitudes e mesmo os seus xuízos sobre as linguas (Seminario de Sociolingüística, RAG 2003: 67-68).

A pesar do dito, a principal conclusión deste traballo é a necesidade de deseñarmos estudos empíricos que corrixan a desatención que tradicionalmente a sociolingüística galega tivo cara ás cuestións de xénero. Os datos dos que dispoñemos foron xerados no marco de investigacións que non tiñan como finalidade esta cuestión, o que distorsiona a realidade que queremos estudar e dificulta a súa correcta análise e valoración. Precisamos de fontes primarias e de traballos empíricos que permitan comprendermos en profundidade os mecanismos en xogo para, a partir deles, podermos deseñar intervencións que avancen simultaneamente na igualdade de xénero e en actitudes lingüísticas que, desbotando prexuízos, poidan favorecer a identificación coa lingua propia e o neofalantismo como mecanismos necesarios para a normalización e a revitalización lingüística.

Os traballos centrados nas actitudes lingüísticas falan dunha evolución das actitudes explícitas ou deliberativas que semella ser favorable ao longo destes últimos anos; mais as actitudes implícitas, automáticas e/ou sen control manteñen un signo negativo cara á lingua propia. É ben sabido que, mentres que as primeiras son máis

maleables, estas últimas permanecen máis estables ao longo do tempo e son máis resistentes a calquera intervención, sendo a discrepancia entre estes dous polos un posible indicador dun proceso de cambio en progreso (McKenzie 2018). As prácticas lingüísticas e a construción da identidade atópanse intimamente vinculadas e non son independentes da propia construción do xénero a través da súa posta en práctica social, que inclúe a acción lingüística.

Os estudos máis recentes sobre o proceso de substitución do galego durante a segunda metade do século pasado amosan que os factores migratorios do rural ao urbano, os procesos de urbanización e industrialización, a presión da escola (tanto dentro como fóra da aulas) e os medios de comunicación e, en definitiva, a asociación da competencia e uso do castelán coa educación e o progreso social, tiveron un gran peso na construción dos preconceptos arraigados contra o noso idioma e que están moi relacionados cos procesos diglósicos (Subiela 2010).

Unha primeira revisión das bases de datos secundarias proporcionounos unha visión xeral da demolingüística galega (Ramallo e Vázquez 2020), o estudo da súa evolución ao longo dos anos (Monteagudo, Loredo, Vázquez 2016) e permitiu a explotación das principais variables, especialmente aquelas relacionadas co territorio e a idade (Monteagudo, Loredo, Nandi e Salgado 2019). Esta primeira parte do noso traballo achegounos unha visión das fortalezas e debilidades da demolingüística galega e dos nosos estudos sociolingüísticos. Entre as primeiras, atopamos unha forte difusión da situación demolingüística do galego, mesmo no plano divulgativo en prensa, aínda que sería interesante analizarmos como se produce e que efectos ten dentro da sociedade. En canto ás debilidades, atopamos unha escaseza de traballos que analicen unha serie de temáticas específicas, como a do xénero, malia ser esta unha das variables sociais transversais máis importantes.

Os desafíos para a persistencia da lingua galega como lingua propia e habitual no noso territorio relaciónanse con déficits de transmisión interxeracional e con usos decrecentes da lingua propia por parte de sectores cada vez máis amplos da poboación máis nova, identificándose un efecto perceptible do xénero en ambos os dous fenómenos. Este último factor (a diminución do emprego da lingua propia entre a xente nova) estúdase neste traballo, na medida do posible, realizando unha descomposición da influencia da idade e tratando de dar resposta a preguntas sobre a relación entre a data de nacemento e as mudas lingüísticas. Neste sentido, o foco de interese semella desprazarse da adolescencia, que concitou tradicionalmente unha enorme atención, cara á infancia, que se revela de vital importancia para os procesos de adquisición e substitución (Monteagudo, Loredo, Gómez e Vázquez-Grandío

2021; Loredó, Gómez e Baldomir 2018). Este foco sobre a infancia coincide, tamén, co que acontece co xénero, pois é nos primeiros anos de socialización cando se produce, de xeito máis poderoso e determinante, a transmisión e a construción dos patróns culturais de xénero.

Cómpre, ademais, sinalarmos a necesidade, para estudos futuros, de afondarmos na “terceira vaga”, tanto na concepción do xénero coma no deseño dos estudos sociolingüísticos, superando, en ambos os campos, o binarismo e incorporando a complexidade total da identidade humana e das propias linguas.

Queremos, finalmente, deixar constancia do enorme potencial que existe na propia idea de interseccionalidade. Malia que, como vimos sinalando e como se ten indicado en numerosas ocasións, é frecuente que un colectivo subalterno procure reforzos simbólicos noutro eido socialmente xerarquizado, tamén o é que a pertenza a un colectivo subalterno teña a capacidade de facernos máis conscientes da existencia e o funcionamento doutras discriminacións e, neste intre no que se atopan en auxe o ecofeminismo e a ecolingüística, semella posible atoparmos vías e deseñarmos estratexias que sirvan para que a conciencia da discriminación de xénero contribúa, tamén, a sensibilizar a sociedade cara á discriminación lingüística, estendendo a loita pola igualdade a unha causa máis global de defensa da diferenza e da diversidade: de xénero, de lingua, de raza, de clase...

A situación actual do galego e as tendencias amosadas polos estudos sociolingüísticos nos últimos anos pónennos ante unha situación na que a persistencia da lingua propia pasa por revertermos os comportamentos lingüísticos. Non abonda, xa, con mantermos os usos; cómpre acadarmos neofalantes, reconquistarmos, para o galego, unha xeración perdida que, por múltiples factores, se instalou maioritariamente no idioma dominante. Así que, en liña co sinalado por Ahlers (2012, p. 259), semella relevante pórmos en relación o xénero cos procesos de revitalización lingüística.

A lingua e o xénero interseccionan nas prácticas sociais e, mesmamente por iso, cómpre procurarmos o espazo iluminador no que conflúen a teoría de xénero e a sociolingüística. Ambas as disciplinas afondan na desigualdade social e denuncian a distribución xerárquica do poder. Discursos como o ecofeminismo e a ecolingüística encerran un enorme potencial para que a adopción dun idioma como lingua habitual sexa un acto consciente, comprometido, aliñado con outras causas e discursos que conflúen na loita pola igualdade, pola valoración da inmensa riqueza da diversidade humana e da súa plasmación lingüística e cultural.

A defensa da diversidade lingüística, en liña coa propia normativa europea e cos principios da *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, pasa, en cada territorio, por adoptar e preservar a lingua propia. É máis doado chegarmos á conciencia deste feito pola asimilación a outras subalternidades e a outros discursos de loita contra a discriminación. Velaí, pois, o potencial para procurarmos unha alianza entre a loita feminista pola igualdade de xénero e a normalizadora da preservación do idioma galego. Ambas as causas amosan evidentes e suxestivos paralelismos, diso non cabe dúbida, e os datos analizados neste estudo indican, ás claras, que a erradicación da discriminación de xénero sería, de feito, beneficiosa para combatermos a diglosia e que os dous procesos, o da conquista da igualdade entre mulleres e homes e o da preservación da lingua propia, poden actuar en sinerxia ao se atoparen interdeterminados e relacionados de múltiples xeitos.

9. Referencias bibliográficas

- Ahlers, J. C. (ed.) (2012): *Gender and endangered languages*. Monográfico especial da revista *Gender and Language*. 6(2). Disponible en: <https://journal.equinoxpub.com/GL/issue/view/1209>
- Álvarez Blanco, R. (coord.) (2017): *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Consello da Cultura Galega. Disponible en: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4293>
- Aubrey, J. S. e Harrison, K. (2004): The gender-role content of children's favorite television programs and its links to their gender-related perceptions. *Media Psychology*. 6(2), 111-146. Disponible en: https://doi.org/10.1207/s1532785xmep0602_1
- Ayestarán, M. e de la Cueva, J. (1974): *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974*. Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia.
- Basanta, N. (2015): Igualdade de xénero e didáctica das linguas. Aproximación ás tarefas comunicativas desde a lingüística sociodiscursiva. *Revista Galega de Filoloxía*, 16, 11-41. Disponible en: <https://doi.org/10.17979/rgf.2015.16.0.1377>
- Baxter, R. N. (2010). Tradución e erocentrismo: Quen traduce que(n) e como na Galiza. En: X. M. Mosquera Carregal (ed.). *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 115-136.
- Bourdieu, P. (1985): *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*. Madrid: Akal.
- Castro Vázquez, O. (2010): Galego+non sexista: como e por que avanzarmos cara a unha outra representación de xénero na lingua. En: X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 33-62.
- Crenshaw, K. (1991): Mapping the Margins: Intersectionality, Identity Politics, and Violence against Women of Color. *Stanford Law Review*. 43(6), 1241-1299. Disponible en: <https://doi.org/10.2307/1229039>
- Díaz Guedella, N. (2017): A influencia do ensino no proceso de adquisición lingüística. *Cumieira. Cadernos de Investigación da Nova Filoloxía Galega*. 2, pp. 85-104. Disponible en: <http://webh03.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/>

- 2017/12/8NURIA-DIAZ-GUEDELLA_A-influencia-do-ensino-no-proceso-de-adquisición-lingüística.pdf
- Eckert, P. (2021): Gender and the Third Wave of variation study. *Gender and Language*. 15(2), 242-248. Disponible en: <https://doi.org/10.1558/genl.20313>
- Fernández, M. (2017): Os datos secretos do galego e os límites das políticas lingüísticas. *Grial*. 55(216), 20-29. Disponible en: <https://www.jstor.org/stable/26528252>.
- Fina, A. de, Schiffrin, D., e Bamberg, M. (eds.). (2006): *Discourse and Identity* (Studies in Interactional Sociolinguistics). Cambridge: Cambridge University Press.
- Formoso Gosende, V. (2013): *Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Freitas, M. P. (2008): *A represión lingüística en Galiza no século XX*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): Lingua galega e preconceito. *Revista Galega de Filoloxía*. 10, 115-144. Disponible en: <https://doi.org/10.17979/rgf.2009.10.0.3925>.
- Gabriel Fernández, N. de (2014): A educación das mulleres no século XIX: Exclusión, dependencia e autonomía. *Sarmiento. Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*. 17, 7-36. Disponible en: <https://doi.org/10.17979/srgphe.2013.17.0.4079>
- García Negro, M. P. (2010): Dúas subordinacións en paralelo: mulleres e lingua galega. En: X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 79-88.
- García Turnes, B. (2004): *A lingua galega entre 1875 e 1916: situación social e consciencia idiomática*. Pontevedra: Servicio de Publicacións, Deputación Provincial de Pontevedra.
- Giles, H. e Ryan, E.B. (1982): Prolegomena for development a social psychological theory of language attitudes. En: E.B. Ryan e H. Giles (eds.), *Attitudes toward language variation: Social and applied contexts*. London: Arnold, pp. 208-223.
- Giles, H., Couple, J. e Couple, N. (eds.) (1991): *Contexts of accommodation: developments in applied sociolinguistics*. Cambridge [Engle] New York: Paris: Cambridge University Press; Editions de la Maison des science de l'homme (Studies in emotion e social interaction).
- Gómez Martínez, L. (2020): A muda lingüística na xuventude: momentos e factores. *Cadernos da Lingua*. 38, 9-52. Disponible en: <https://doi.org/10.32766/cdl.38.753>
- González Veira, A. e Seoane Bouzas, N. (2010): Un achegamento aos preconceitos contra o galego por parte das mulleres a través das súas palabras. En X. M.

- Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 63-78.
- Hall, K e. Bucholtz, M. (1995): *Gender articulated: language and the socially constructed self*. New York: Routledge.
- Hermida Gulías, C. (2010): Lingua e sexismo en dicionarios de galego. En: X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 89-114.
- Hill Collins, P. e Bilge, S. (2016): *Intersectionality*. Malden, MA: Polity Press.
- Holmes, J. (1995): *Women, men, e politeness*. London; New York: Longman (Real language series).
- Iglesias Álvarez, A., e Acuña Ferreira, V. (2022): “Fálalle castelán que é o idioma da cidade”: a importancia dos contextos no éxito ou fracaso da transmisión familiar do galego. *Estudos de lingüística galega*. 14(1), pp. 1-23. Dispoñible en: <https://doi.org/10.15304/elg.14.7382>
- Iglesias-Álvarez, A. (2002): *Falar galego: 'no veo por qué': aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Ed. Xerais de Galicia (Universitaria).
- Iglesias-Álvarez, A. (2007): Os preconceptos lingüísticos segundo a idade. En: Iván Méndez López e Amelia Sánchez Pérez (eds.), *Lingua e idade. III Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 165-182. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/8812>.
- Iglesias-Álvarez, A. (2018): A adquisición da competencia bilingüe no alumnado de educación infantil en Galicia. *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral*, pp. 459-466. Dispoñible en <http://cilx2018.uvigo.gal/actas/>
- Jespersen, O. (1922): *Language: its Nature, Development and Origin*. London: Routledge.
- Labov, W. (1966): *Principios del cambio lingüístico*. Edicións Gredos.
- Lakoff, R (1973): Language and Woman's Place. *Language in Society*. 2(1), 45-80.
- Loredo, Gómez e Baldomir (2018): *A lingua no CEIP Agro do Muíño*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en: <https://doi.org/10.32766/rag.332>
- Loredo, X. e Monteagudo, H. (2017): La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán. *Treballs de Sociolingüística Catalana*. 27, 99-116. Dispoñible en: <https://doi.org/10.2436/20.2504.01.127>.
- Loredo, X. e Silva, B. (coords.) (2020). *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en: <https://doi.org/10.32766/rag.372>.

- Lorenzo, A. (2005). Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego. *Cadernos de Lingua*. 27, 37-59. Dispoñible en: http://alorenzo.webs.uvigo.es/Docs/Anxo_CadenosdeLingua_2005.pdf
- Monteagudo, H. (2018). Lingua e Sociedade en Galicia. *LaborHistórico*. 3(1): 14. Dispoñible en: <https://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17105>.
- Monteagudo, H.; Loredó Gutiérrez, X.; Vázquez Grandío, G. e Gómez Martínez, L. (2021): *Mapa sociolingüístico escolar de Ames*. Real Academia Galega. Dispoñible en: <https://doi.org/10.32766/rag.380>
- Monteagudo, H.; Loredó, X. e Vázquez, M. (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. Real Academia Galega. Dispoñible en: <https://academia.gal/publicacions-publicacions-de-lingua>
- Monteagudo, H.; Loredó, X.; Nandi, A., e Salgado, X. (2019): A importancia dos contextos urbanos e periurbanos en Galicia na transmisión lingüística interxeracional da lingua galega. En: M. Barrieras e C. Ferrerós (eds.), *Transmissions. Estudos sobre a tramissió lingüística*. Eumo Editorial, pp. 7-11.
- Monteagudo, H.; Loredó, X.; Vázquez-Grandío, G.S. e Nandi, A. (2021): *Prácticas lingüísticas na infancia: a xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en: <https://doi.org/10.32766/rag.389>
- Monteagudo, H.; Nandi, A. e Loredó, X. (2020): La transmisión intergeneracional en el contexto gallego: comparación de datos cuantitativos y etnográficos. *HispanismeS* [en liña], 16. Dispoñible en: <https://doi.org/10.4000/hispanismes.782>
- Mosquera, X. M. (2010): *Lingua e xénero. VI Xornadas sobre lingua e usos*. Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña. Dispoñible en: http://www.udc.es/export/sites/udc/sn/_galeria_down/documentospdf/Libro_Lingua_e_Xenero.pdf
- Motschenbacher, H. (2007): Can the term 'genderlect' be saved? A postmodernist redefinition. *Gender and Language* 1(2), pp. 255-278.
- Moure, T. (2010): Falaros galego as mulleres, por que non? En: X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 147-169. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/8868>
- Newman, M. L.; Groom, C. J.; Handelman, L. D. e Pennebaker, J. W. (2008): Gender Differences in Language Use: An Analysis of 14,000 Text Samples. *Discourse Processes*. 45, 211-236.

- O'Rourke, B. e Ramallo, F. (2015): Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician. *International of the Sociology of Language*. 231, 147-165. Disponible en: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2014-0036>
- Pujolar, J.; Gonzàlez, I.; e Martínez, R. (2010): Les mudes lingüístiques dels joves catalans. *Llengua i ús: revista tècnica de política lingüística*. 48, 65-75.
- Queizán, M. X. (1977): *A muller en Galicia: a muller na sociedade galega, a lingua galega e a muller (análise estrutural de dous métodos represivos)*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Ramallo, F. (2012): El gallego en la familia entre la producción y la reproducción. *Caplletra: Revista Internacional de Filología*. 53 (outono de 2012), 167-191. Disponible en: <http://roderic.uv.es/bitstream/handle/10550/48430/4065744.pdf>
- Rodríguez Carnota, M. (2022): *Lingua, poder e adolescencia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Rodríguez Salgado, L. e Vázquez Silva, I. (coord.) (2017): *Muller inmigrante, lingua e sociedade*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Sanmartín, G. (2010): Presentación. En: X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 15-18.
- Seminario de Sociolingüística, RAG (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: compendio do volume I do mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/122>
- Seminario de Sociolingüística, RAG (1995): *Usos lingüísticos en Galicia: compendio do II volume do mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística. Disponible en: <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/128>
- Seminario de Sociolingüística, RAG (1996): *Actitudes lingüísticas: compendio do volume III do mapa sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/131>
- Seminario de Sociolingüística, RAG (2003): *O Galego segundo a mocidade: unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en: <http://academia.gal/documents/10157/704901/O+Galego+segundo+a+mocidade.pdf>.

- Silva, B. (ed.) (2010): *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán*. Santiago de Compostela: ICE: Instituto de Ciencias da Educación (USC).
- Spender, D. (1980): *Man made language*. London: Routledge & Kegan Paul.
- Suárez Fernández, Isabel (2010): Presentación de datos sociolingüísticos desde a perspectiva de xénero. En: X. M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 19-32.
- Subiela, Xaime (2010): O idioma galego. Alarmas e esperanzas. *Tempos Novos. Anuario 2010*. 247-270. Disponible en: http://kit.consellodacultura.gal/web/uploads/adxuntos/arquivo/5440ef8c80624-alarmaseesperanzas_subiela.pdf
- Tannen, D (1996): *Gender and discourse*. Oxford: Oxford University Press.
- Torres-Pla, J. (2015): La transmisión lingüística intergeneracional. En: Generalitat de Catalunya, *Anàlisi de l'Enquesta d'usos lingüístics de la població 2013. Resum dels factors clau*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, Departament de Cultura. Direcció General de Política Lingüística, pp. 18-21.
- Trudgill, P. (1972). Sex, covert prestige and linguistic change in the urban British English of Norwich. *Language in Society*. 1, 179-195.
- Unesco (2003). Language Vitality and Endargement. París: Documento adoptado por la Reunión Internacional de Expertos sobre el programa de la UNESCO *Salvaguardia de las lenguas en peligro*. Disponible en: http://www.unesco.org/new/file-admin/MULTIMEDIA/HQ/CLT/pdf/LVE_Spanish_EDITED%20FOR%20PUBLICATION.pdf
- Vázquez-Grandío, G. S. (2018). *La escuela en la transmisión intergeneracional de la lengua gallega: Una aproximación etnográfica*. Trabajo fin de grao: Universidad de Sevilla.
- Vidal, R. (2010). O emprego da(s) lingua(s) na publicidade dirixida ás mulleres. O caso da Televisión de Galicia. En X.M. Mosquera Carregal (ed.), *Lingua e xénero: VI Xornadas sobre lingua e usos*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 137-146.
- Wertheim, S. (2012). Gender, nationalism, and the attempted reconfiguration of sociolinguistic norms. *Gender and Language*. 6 (2): 261-289.
- West, C. e Zimmerman, D. H. (1987). Doing Gender. *Gender and Society*. 1(2): 125-151. Disponible en <http://www.jstor.org/stable/189945>
- Williams, G. (2005). *Sustaining Language Diversity in Europe. Evidence from the Euro mosaic Project*. Basingstoke: Palgrave.

10. Índice

Agradecementos	7
1. Bases e antecedentes	9
1.1. Sociolingüística e teoría de xénero	11
1.2. A expresión lingüística do xénero	17
1.3. A lingua das mulleres	19
1.4. A interseccionalidade entre lingua e xénero en Galicia	21
2. Metodoloxía	27
2.1. Finalidade do traballo	27
2.2. Liñas de investigación	28
2.3. Fontes cualitativas secundarias	30
2.4. Fontes macrosociolingüísticas secundarias	31
3. Punto de partida	35
3.1. Diferenzas de xénero na transmisión interxeracional da lingua galega	42
3.2. As diferenzas no comportamento lingüístico: a predisposición á converxencia e á muda	48
3.3. Prexuízos e actitudes lingüísticas das e cara ás mulleres	57
4. A muller na sociedade galega	61
4.1. Evolución da poboación galega entre 1900-2022 e estimación cara a 2031	63
4.2. O número de mulleres é superior ao dos homes en Galicia?	64
4.3. O índice de mortalidade entre homes e mulleres vai aproximándose?	67
4.4. As mulleres acadan un maior nivel educativo ca os homes?	68
4.5. As mulleres teñen máis dificultades para atoparen traballo ca os homes?	69
4.6. Cobran as mulleres o mesmo ca os homes?	69
4.7. Cales son as situacións de inactividade máis habituais nas mulleres?	71
4.8. A muller na cultura galega	72

5. A importancia da muller na transmisión lingüística interxeracional	75
5.1. A lingua inicial	76
5.2. O retroceso na transmisión interxeracional do galego	78
5.3. O papel do xénero da transmisión da lingüística do galego	79
6. As competencias bilingües en Galicia	85
6.1. A importancia do xénero nas autovaloracións lingüísticas	92
7. As linguas de Galicia e o xénero	95
7.1. A fortaleza demográfica do idioma galego	95
7.2. As diferenzas nas prácticas lingüísticas por ámbitos de uso segundo o xénero	97
7.3. Acomodación ou converxencia lingüística	97
8. Conclusións	99
9. Referencias bibliográficas	105
10. Índice	111



Sección de Lingua / Seminario de Sociolingüística

Neste volume exploramos as relacións entre lingua e xénero, ata o de agora escasamente investigadas na nosa tradición sociolingüística. O obxectivo desta obra é debullar as diferenzas e desigualdades nos usos e valoracións da lingua que se artellan sobre esta variable sociocultural. Para isto, recorremos á revisión de investigacións precedentes e á análise de datos dos principais bancos, censos e enquisas.



REAL ACADEMIA GALEGA

